Num. 297

FOUCE

Xullo 2013

Periódico labrego de información técnica e sindical
Número de rexistro: 980635

sindicato labrego galego
comisións labregas

ESPAÑA
FRANQUEO CONCERTADO
F.C. Nº 15000077

Galiza rebélase contra a minaría destrutiva e salvaxe promovida pola Xunta



Os últimos meses viviron un labor intenso das organizacións sociais contra o Plan Sectorial de Actividades Extractivas que está a deseñar a Xunta de Galiza e que pretende deixar en bandexa o noso país ás empresas mineiras. O esforzo organizativo da sociedade civil callaba o 16 de maio coa presentación pública da Rede ContraMINAcción, en cuxo nacemento estivo fondamente implicado o Sindicato Labrego Galego. Se ben o inicio da actividade desta plataforma estivo centrado en accións divulgativas e de concienciación da cidadanía, logrou convocar unha multitudinaria manifestación en Santiago de Compostela, o 2 de xuño, contra os plans da Xunta (na imaxe da portada, unha instantánea da praza da Quintana ao remate da protesta). Previamente, sucedéronse as manifestacións contra proxectos mineiros concretos en Bergantiños, por Corcoesto, e na Limia, en oposición á mina de feldespato. Tamén recibimos na Galiza a visita de Sebastián Pinetta, presidente dunha asociación civil arxentina que leva quince anos loitando e padecendo a minaría salvaxe e que nos ilustrou sobre as consecuencias catastróficas que tería a expansión mineira na Galiza. **Páxinas 8 a 12**

Edita: Edicións Fouce
Departamento de Publicacións de Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:
Xosé García Rodríguez
Consello Editorial:
Isabel Vilalba Seivane, Tareixa Ledo Regal e Xabier Gómez Santiso.
Colaboracións: Xabier Gómez Santiso, María Ferreiro, Ramón Barreiro, Isabel Vilalba Seivane, Dora Cabaleiro e Antonio Ferreiro.
Deseño e maquetación:
Xosé García Rodríguez
Sede da redacción:
Ofelia Nieto nº 13-23
Santiago de Compostela
Tlf: 981 580449
Fax: 981 572570
www.sindicatolabrego.com
Depósito Legal: C-749/88

sindicato labrego galego
comisións labregas

LOCAIS

NACIONAL - R/ Ofelia Nieto 13-23, 15705, Meixonfrío. Santiago de Compostela. Tlfno. 981 554 147
COMPOSTELA - R/ Ofelia Nieto 13-23, 15705, Meixonfrío. Santiago de Compostela. Tlfno. 981 588 532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA -R/ Padre Pardo nº24, 1º D Tlfno. 981 508 177
SANTA COMBA - Rúa de Lugo, 19 – entrechán 1º esq. Tlf. 981 880 909
ORDES - R/ Nova nº 33, Baixo, 15680. Tlf. 981 682908
BETANZOS - R/ Cruz Verde 7 - Esquina praza Dona Agueda.Tlf: 981 773 377
TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º esq / Tlfno. 981 789 781
MOECHE - Casetas da feira de Moeche. Tlfno. 698 125 154
VALDEORRAS - Miguel de Cervantes 15 32340, Vilamartín de Valdeorras Tlf. 988 321 511 / Fax: 988 326 723
VERÍN - Travesía de Sousas nº 20, Galerías Maga Tlf. 988 590 438; Fax 988 590 439
RIBADAVIA - R/ Virxe do Portal, nº11. Tlf. 988 477 230 Fax. 988 477 230
XINZO - Rúa San Sebastián, 16 – baixo Tlf. 988 462 547
LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent. Tlf. 982 231154
SARRIA - Rúa Calvo Sotelo 108, entrechán B. Tlf: 982 876155 / 659735862
CHANTADA - R/ Emilia Pardo Bazán 11, baixo. Tlf / Fax: 982 440 804
A FONSAGRADA R/ Fonte, nº 3, baixo. Tlf. 982 350 080
RIBADEO - Av. Calvo Sotelo, nº3, 1ºE. Tlf/Fax. 982 130615
LOURENZÁ - Avda. Fernández Del Riego, 5 – 1º C. Tlf. 982 12+6
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A. Tlf.982 512431
MEIRA- R/ Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño Entrechán E. Tlf/Fax: 982 331 714
A ESTRADA - R/ Gradín nº 1, baixo Tlf/Fax 986 573232
LALÍN - R/ Monte Faro nº 28. Baixo. Tlf. 986 792 268
SILLEDA - Av. do Parque, 32 Centro comercial O Parque, oficina 12 986 580 526
PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros,portal 1ºA, 1ºC. 986 641 508 Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edf. Rosales. Tlf. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes, Ribadumia. Tlf. 986 718 526

Editorial

■Indignádevos.....**3**



Galiza

■Amarante e SLG celebraron o Día Internacional do Comercio Xusto.....**5**
■Os recortes no hospital Lucus Augusti poden custar vidas no rural lucense.....**6**
■Nace ContraMINAcción para oporse á minaría salvaxe na Galiza.....**8**
■O PP traizoa ao sector lácteo permitindo que se poida seguir vendendo a perdas.....**13**
■O SLG achega alegacións ao decreto que regulará a venda directa na Galiza.....**14**

Aldea Global



■A VI Conferencia da Vía Campesina conclúe coa incorporación de 33 novos membros.....**17**
■Encontro a dúas bandas entre a ECVC e Dacian Ciolos pola agricultura familiar.....**18**
■O ministro Arias Cañete apanda cunha reforma da PAC negativa para Galiza.....**20**
■A UE prohibe durante dous anos os neonicotinoides que matan as abellas.....**23**



Sectores gandeiros

■O Ministerio de Agricultura mantén sen pagar axudas a explotacións gandeiras dende 2009.....**24**

Sectores Vexetais



■A sociedade volve amosar o seu firme rexeitamento aos transxénicos.....**25**
■As adegas do Ribeiro e Rías Baixas buscan fórmulas para pagar a uva.....**26**



Mulleres

■Entrevista a María Ferreiro Santos, responsable da Secretaría das Mulleres do SLG: *"O marco legal permite ás labregas ser titulares, pero non hai solicitudes"*.....**27**

EDITORIAL

Indignádevos

O 11 de xullo, o Senado botaba por terra a mentira creada e mantida polo Goberno da Xunta dende novembro de 2012, cando un sector lácteo galego farto de ter que malvender o leite cos peores prezos da Unión Europea se plantou nunha folga de entregas. Daquela, a Consellaría de Medio Rural convocara a todos os axentes do sector en varias xuntanzas urxentes para desactivar a crise. Aínda que custou, industrias e distribución aceptaron mellorar os prezos do leite. Pola súa banda, o Goberno Galego, co seu presidente Feijóo á cabeza, prometía que ía facer todo o posible para que se prohibise a práctica comercial de vender por baixo dos custes de produción ou a perdas, algo que non debe ser moi difícil de facer, pois xa está tipificado como delito na Lei de Competencia.

Hoxe, infelizmente, sabemos que as promesas de Feijóo eran fume. Os e as populares tíñano máis doado que nunca para cumprir o prometido, pois só dependía do seu voto. Se querían cumprir os seus compromisos co sector lácteo e co medio rural galegos, as súas señorías só tiñan que votar en contra da Lei da Cadea Alimentaria tal e como vai redactada. Só tiñan que forzar a inclusión dun artigo que prohibise a venda a perdas. Pero non o fixeron. Preferiron traizoar aos nosos sectores agrogandeiros, aos e ás votantes que os puxeron na cadeira das Cortes Xerais, e acatar a disciplina de partido e sabe Deus que escuros intereses.

Nestes tempos nos que tanto cartiño circula en sobres, niso que chaman contabilidade B, quen sabe se a patronal alimentaria e da distribución non investiu en redactar unha Lei da Cadea Alimentaria á medida dos seus intereses.

Se cadra na Unión Europea acontece algo semellante. Senón, é complicado entender que ao Consello de Ministros e Ministras de Agricultura

"Estamos a ser vítimas dunha xigantesca estafa que fai que os sobres de Bárcenas ou os ERE de Andalucía semellen xogos infantís. Unha estafa da que a clase política -galega, estatal e comunitaria- é cómplice ao impulsar leis feitas á carta para unha patronal que poderá seguir tendo patente de corso para sangrar ao medio rural con lucros millonarios a costa de manter prezos ruinosos."



lle resulte tan dificultoso definir que é un activo agrario e limitar o cobro de axudas da PAC aos e ás profesionais da agricultura. Tampouco é doado entender que non dean posto un límite ás primas comunitarias para rematar coa milmillonaria fraude que supón que os principais beneficiarios da Política Agraria Común sigan sendo grandes terratenentes e empresas como o Príncipe Carlos de Inglaterra, a Duquesa de Alba, Mario Conde, a cerveceira Heineken, a tabacaleira Philip Morris, a química BASF, Nestlé ou o Credit Agricole Bank.

Todo isto evidencia que estamos a ser vítimas dunha xigantesca estafa que fai que os sobres de Bárcenas ou os ERE de Andalucía semellen xogos infantís. Unha estafa da que a clase política -galega, estatal e comunitaria- é cómplice ao impulsar leis feitas á carta para unha patronal que poderá seguir tendo patente de corso para sangrar ao medio rural con lucros millonarios a costa de manter prezos ruinosos. Iso si, eses prezos artificialmente baixos seguirán a parchearse coas migallas das axudas da PAC que levan as explotacións agrícolas e gandeiras.

Lonxe de caer na desesperanza, é tempo para indignarse, tempo para non ficar cos brazos cruzados e para denunciar o que a nosa clase política está a facer co medio rural e coa produción de alimentos. Se os estaleiros son quen de paralizar un país e poñer patas arriba a Bruxelas por un problema de cartos que lles afecta exclusivamente a eles, non deberían ser menos aqueles sectores dos que dependemos a totalidade da cidadanía para alimentarnos e para manter vivo e estruturado a maior parte do noso territorio.

Por iso, fronte á desesperanza de sufrir unha caterva política como a que nos goberna, só nos queda a indignación se, realmente, queremos que as nosas demandas sexan escoitadas e a nosa actividade unha profesión digna e con futuro.

nº 297
Xullo de 2013
FOUCE

Neste Fouce quixemos compartir anacos dun artigo de opinión do Sem Terra João Pedro Stédile: *"O dilema da reforma agraria na agroindustria do Brasil"*, no que se denuncia a lacra dun modelo agrícola dominado por grandes corporacións transnacionais que, na Galiza, cada vez estamos a sufrir con maior intensidade. Pódese ler o artigo completo en http://alainet.org/active/60760&lang=es

O dilema da reforma agraria na agroindustria do Brasil

por **João Pedro Stedile***

No Brasil, temos máis de 4 millóns de familias rurais pobres que reciben unha axuda familiar para non morrer de fame. Isto é necesario, mais é un paliativo e debería ser temporal. O único xeito de saír da pobreza é permitir o traballo na agricultura e actividades asociadas, que un amplo programa de reformas debería permitir. Porque nin as cidades nin a agroindustria proporcionará traballo decente a estas persoas.

Temos millóns de traballadores rurais, asalariados, expostos a todo tipo de explotación, dende traballo semi-escravo á exposición irresponsable aos velenos que o capataz ordea usar. Requírese a intervención do Goberno para crear unhas condicións axeitadas de traballo, ingresos e vida. Incluída a garantía de liberdade de organización sindical.

A estrutura da propiedade da terra, produción e ingresos da sociedade brasileira nas zonas rurais hexemonizadas polo modelo agroindustrial está creando problemas estruturais moi graves para o futuro. Basta considerar o seguinte: o 85% de toda a terra no Brasil utilízase só para cultivar soia, millo, pastos e cana de azucre. Só o 10% dos propietarios que contan con áreas superiores a 500 hectáreas, controlan o 85% do valor total da produción agrícola destinada, sen ningún valor engadido, á exportación. A agroindustria reprimarizou a economía brasileira. Somos produtores de materias primas, que se apropian e venden por unhas 50 multinacionais que controlan os prezos, as taxas de ganancia e o mercado mundial. Se os terratenentes tivesen conciencia de clase, decataríanse de que eles tamén son meros monicreques das corporacións transnacionais.

A matriz de produción imposta polo modelo agroindustrial é socialmente inxusta, xa que cada ano hai máis persoas en paro que son reemprazadas por máquinas e velenos. É economicamente inviable, porque depende das importacións cada ano. Tomen nota: 23 millóns de toneladas de fertilizantes químicos procedentes de China, Uzbekistán, Ucraína, etc. É totalmente dependente do capital financeiro, que debe conceder anualmente 120 millóns de dólares para que se poida plantar. E subordinado a grupos estranxeiros que controlan as sementes, insumos agrícolas, os prezos, os mercados, e quedan co meirande das ganancias da produción agrícola. Esta dependencia crea distorsións de todo tipo: en 2012 faltou millo no Nordeste e aos avicultores, pero Cargill, que controla o mercado, exportou dous millóns de toneladas de millo de Brasil a Estados Unidos. E o Goberno debeu ler os xornais, coma min. Por outra banda, importamos fabas negras de China para manter os nosos hábitos alimenticios.

Este modelo é insostible para o medio ambiente, xa que as prácticas de monocultivo destrúen toda a biodiversidade existente na natureza usando pesticidas de xeito irresponsable. E iso desequilibra o ecosistema, amais de envelenar o solo, a auga, a choiva e os alimentos. O resultado é que o Brasil representa só o 5% da produción agrícola mundial, pero consome o 20% de todos os velenos do mundo. O Instituto Nacional do Cancro (INCA) revelou que cada ano hai 400.000 novos casos de cancro, a maior parte provocados pola contaminación dos alimentos. E o 40% deles morrerá. Esta é a peaxe que as multinacionais agroalimentarias están cobrando a todos os brasileiros! E coidadiño: o cancro pode afectar a calquera persoa, independentemente da súa posición ou conta bancaria.

Unha política de reforma agraria non é só unha sinxela distribución da terra aos pobres (...) Na fase actual do capitalismo, a reforma agraria é a construción dun novo modelo produtivo para a agricultura brasileira a partir da necesaria democratización da propiedade da terra e a reorganización da produción agrícola con outros parámetros (...) É necesario que a agricultura se reorganice para producir, en primeiro lugar, alimentos saudables para o mercado interno e para toda a poboación. E é necesaria e posible a creación de políticas públicas que garantan o fomento dunha agricultura diversificada producindo con técnicas agroecolóxicas.

***João Pedro Stédile é un dos fundadores e dirixentes máis destacados do Movimento dos Trabalhadores Rurais Sem Terra do Brasil (MST), organización irmá que, coma o SLG, forma parte da Vía Campesina.**



Amarante e SLG celebraron o Día Internacional do Comercio Xusto

Fixéronse diversas actividades en Teo, Ribadeo e Pontevedra en colaboración con asociacións locais

Co lema "Mulleres na defensa do comercio xusto no Norte e no Sur", o Sindicato Labrego e Amarante Setem celebraron, o 11 de maio, o Día Internacional do Comercio Xusto en Ribadeo, Teo e Pontevedra coa intención de facer visible o traballo feito polas mulleres na loita pola igualdade e en defensa dunhas relacións comerciais máis xustas.



Amarante e SLG teñen colaborado en varias ocasións para promover o comercio xusto; na imaxe, mercado transparente en Compostela

Ribadeo

En Ribadeo, coa colaboración do grupo de consumo As Grelas, fíxose un mercado transparente na praza de Abastos. Asemade, houbo unha mesa redonda baixo o título "Consumindo confianza. Encontro de grupos de consumo responsábel", a cargo de As Grelas, Karrikanta e A Casa Azul.

Nesta ocasión, aproveitouse para homenaxear ás máis de mil persoas -a maioría mulleres- que finaron no derrube da fábrica téxtil de Rana Praza, en Bangladesh.

Teo

O mercado do alimento labrego dos Tilos, en Teo, foi o lugar elixido para celebrar, na comarca de Compostela, o Día Internacional do Comercio Xusto, actividade que organizaron o SLG e Amarante Setem cun posto de comercio transparente onde se puideron atopar produtos de todo o mundo pagados a un prezo digno aos produtores e produtoras que os cultivan ou elaboran.

Pontevedra

En Pontevedra, os actos duraron todo o día. Como en Ribadeo, fíxose unha homenaxe con candeas ás vítimas de Bangladesh coa colaboración da Cooperativa A Gradicela. O día anterior, houbo unha degustación de doces elaborados con produtos do comercio xusto por activistas de Amarante e estudiantes de Hostalería. O 18 de maio, fíxose unha campaña nas cafetarías e restaurantes de Pontevedra para promover o café do comercio xusto.



nº 297
Xullo de 2013
FOUCE



En 2011, Feijóo asegurou que o HULA tería servizos de hemodinámica, radioterapia e medicina nuclear; pero aínda non cumpriu o prometido

Os recortes no Hospital Lucus Augusti poden custar vidas no rural lucense

O Sindicato Labrego Galego apoiou a concentración organizada pola Federación Veciñal de Lugo para demandar os servizos de hemodinámica, radioterapia e medicina nuclear para o Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA). Estes servizos son indispensables para ofrecer un tratamento integral aos e ás lucenses que padecen cancro ou doenzas cardíacas. O acto de protesta tivo lugar diante da delegación da Consellaría de Sanidade en Lugo, o pasado 6 de xuño, e rematou coa lectura dun manifesto diante do edificio multiusos da Xunta.

Días antes, o SLG emitiu un comunicado no que denunciaba que as persoas que padecen as peores consecuencias destes recortes son as que viven no medio rural das comarcas máis afastadas dos principais núcleos urbanos. A intención da Consellaría de Sanidade de ofrecer estes tratamentos en centros hospitalarios das cidades da Coruña e de Santiago de Compostela condena aos enfermos e enfermas de cancro e do corazón de bisbarras como A Mariña, Ancares, A Fonsagrada ou Terra de Lemos a ter que facer desprazamentos dunha media de catro horas e máis de trescentos quilómetros, contabilizando ida e volta, e agardar longas quendas para recibir sesións ou tratamentos que, no caso da radioterapia, requiren só uns vinte minutos. No caso de ter que atender un infarto con urxencia, ter que desprazarse a Lugo ou á Coruña pode ser a diferenza entre a vida e a morte.

Isto último xa foi corroborado polas estatísticas: as cifras de mortalidade por infarto en Lugo duplican as de áreas sanitarias como A Coruña, Santiago ou Vigo, onde si existe sala de hemodinámica; isto sucede porque se o paciente tarda máis de dúas horas en ser atendido o tratamento máis efectivo, a anxioplastia -apertura da arteria- deixa de ser a mellor opción.

Por iso, dende o SLG se lle pediu ao presidente da Xunta, Alberte Núñez Feijóo, que cumpra as promesas feitas a este respecto na inauguración do HULA, o 26 de febreiro de 2011 (na imaxe), cando asegurou que ía dotar ao hospital destes servizos nuns meses.

O SLG contra unha Lei Wert que marxinará aínda máis ao alumnado do medio rural

O Sindicato Labrego Galego apoiou a xornada de folga no ensino do 9 de maio por compartir coas entidades convocadoras o rexeitamento á Lei Wert e aos recortes que está a sufrir a escola pública que, coma sempre, se están a amosar especialmente cruentos cos centros escolares das zonas rurais de Galiza.

Como xa ten denunciado o SLG, a vaga de recortes que se está a aplicar no ensino público cebouse, especialmente, cos centros escolares do rural: peche de escolas, redución de profesorado, falla de equipamento, supresión de comedores, desaparición de rotas de transporte, etcétera.

Agora, ademais, o goberno do Partido Popular saca da manga, e coa oposición de todas as demais forzas políticas, unha reforma educativa que se plasma na Lei Wert, onde se contempla unha estrutura discriminatoria do alumnado e dos centros de ensino. En efecto, a Lei Wert contempla a segregación da rapazada segundo os resultados académicos e establece distintas categorías de escolas, dotando con mellor equipamento ou persoal segundo o nivel dos alumnos e alumnas aos que atendan. O máis probable é que os centros escolares de inferior categoría pasen a ser os do medio rural, xa que, agora mesmo, son os peor dotados en todos os sentidos, moito peor dende a crise e os recortes.

Así, a Lei Wert agudizará a fenda entre as persoas que viven no medio rural e as que viven en centros urbanos importantes, creando unha división da cidadanía en categorías que se imporán dende a entrada do neno ou da nena no sistema educativo, con tres anos de idade, e impoñendo por decisión política a desigualdade educativa das persoas segundo o lugar onde nazan.



A de Vigo foi unha das manifestacións máis multitudinarias das que se fixeron en Galiza, o 9 de maio, con motivo da folga no ensino

Compostela: xornadas sobre consumo sostible e xénero

Entre o 23 de abril e o 13 de maio, celebráronse en Compostela as xornadas *"Consumo sostible e xénero: novas preguntas, novos retos"* das que o SLG foi coorganizador xunto a Panxea, A Cova da Terra, Coordinadora Galega de ONGD, Sodepaz Comercio Xusto, Xarxa de Consum solidari, Marcha Mundial das Mulleres Galiza e Verdegaia.

Unha das relatoras das xornadas foi a secretaria xeral do Sindicato Labrego, Isabel Vilalba, que ofreceu unha charla baixo o título *"O papel das mulleres na produción de alimentos dende a óptica da Soberanía Alimentaria"*, o 29 de abril.



A charla de Isabel Vilalba sobre o papel das mulleres na produción de alimentos foi no Centro de Interpretación Ambiental de Compostela

Tamén participaron nas xornadas Miriam Nobre, do Secretariado Internacional da Marcha Mundial das Mulleres, co relatorio *"Sinerxias entre feminismo, ecoloxía e consumo responsable"*; e a xornalista Joana García Grenzer, falando de *"Economía feminista e con visión de xénero"*.

Arzúa e Santiso: Apoio á veciñanza afectada polo corte da ponte da Regada

O Sindicato Labrego Galego das comarcas de Arzúa e Melide apoiou as reivindicacións dos veciños e veciñas das parroquias afectadas polo corte da ponte da Regada respondendo á convocatoria da manifestación do 20 de xullo, realizada pola Asociación O Noso Lar de Visantoña (Santiso), e facendo un chamamento para que a secundasen os labregos e labregas da bisbarra.

Nun comunicado, o SLG cualificou de "inadmisible" que este problema se leve arrastrando medio ano sen que se artellase ningunha solución ao respecto. Coma sempre, quen paga os pratos rotos da inoperancia da Xunta é a veciñanza de parroquias rurais como Visantoña, Beigondo, Rivadulla, Pezobre ou San Román, no concello de Santiso; e tamén arzuanas coma Vilantime, que ficaron incomunicadas con Arzúa e mesmo Compostela tralas riadas de xaneiro.

Así, a xente que vive nestas parroquias vese obrigada a dar enormes rodeos para ir traballar, facer as compras, ou xestionar servizos centralizados en Arzúa (xulgados, pagamento de impostos provinciais, rexistro da propiedade, raios X ou servizo de urxencias no centro médico, etc).

En canto ás actividades agrarias e forestais, resulta surrealista que explotacións que tiñan fincas a uns poucos metros, na outra beira da ponte, agora teñan que facer rodeos varios quilómetros para apañar a herba seca ou levar as vacas a pacer, o mesmo que os camións que transportan madeira, que se ven na obriga de utilizar pistas demasiado estreitas e en lamentable estado, co conseguinte risco de accidente.



Centos de persoas apoiaron á veciñanza afectada polo corte da Ponte da Regada que comunica os concellos de Santiso e Arzúa

E falando de perigos, non sobra lembrar que os bombeiros de Arzúa, no período de máximo risco de incendios, tamén se verán na obriga de dar rodeos de varios quilómetros para sufocar os lumes que se produzan na outra beira da ponte.

Por todo o devandito, o SLG acudiu a manifestación convocada por O Noso Lar para esixir a reparación inmediata da ponte, e que se desenvolveu en dous tempos na Regada e na vila de Arzúa.

O SLG secundou a manifestación do 17 de maio en defensa da lingua galega

O SLG apoiou a manifestación convocada pola Plataforma Queremos Galego, da que forma parte, do 17 de maio, Día das Letras Galegas. No SLG, a defensa da lingua galega como idioma propio da Galiza segue a ser un compromiso irrenunciable que mantemos dende a nosa fundación en tempos da ditadura fascista do Xeneral Franco, en 1973, e que segue vixente hoxe en día, en 2013, diante das constantes agresións que, tanto dende o Goberno do Estado como dende a Xunta de Galiza, está a sufrir a fala que herdamos dos nosos avós e das nosas avoas.

nº 297
Xullo de 2013
FOUCE

Nace ContraMINAcción para oporse á minaría salvaxe na Galiza

Integra a varios colectivos, entre eles o SLG, e logrou convocar unha multitudinaria manifestación o 2 de xuño

Un grupo de organizacións sensibles cos problemas e ameazas que están a supoñer o aumento das concesións mineiras -con máis do 50% da superficie do país afectada- decidiron crear unha rede contra a minaría destrutiva na Galiza baixo o nome de ContraMINAcción. Polo de agora, amais de apoiar protestas locais contra os proxectos mineiros de Corcoesto e A Limia, deu organizado unha masiva manifestación contra o xeito irracional e destrutivo de explotación da terra que pretende promover a Xunta a través do Plan Sectorial de Actividades Extractivas.

Nun comunicado inicial, ContraMINAcción expresou os seus tres obxectivos:

1. Identificar os problemas que existen coa minaría en toda Galiza, analizando o que acontece en cada lugar e con cada proxecto, poñendo en valor o que se perde con el, e estudando tamén o que está a acontecer noutras partes do planeta.

2. Compartir estratexias e medios para loitar contra a minaría destrutiva con aquelas persoas e colectivos que se vexan ameazados. Isto farase coordinando o traballo en rede, tirando de cada loita datos útiles para as demais, facendo accesible información contrastada e fiable a todas elas, e facendo dispoñible apoio xurídico e técnico.

3. Difusión na sociedade dos problemas que está a xerar a minaría, facendo visibles a especulación e ocupación do territorio, sendo unha voz fronte a todos os conflitos por igual, e levando a cabo accións informativas en tódalas comarcas.

Ademais do Sindicato Labrego Galego, forman parte de ContraMINAcción: Agrupaçom de Montanha Augas Limpas, Asociación Véspera de Nada, Associação Socio-Cultural O Iríbio, Contramínate Laxe, Plataforma pola defensa de Corcoesto e Bergantiños, Coordinadora contra as minas na Terra Chá, Plataforma pola Defensa do Galiñeiro, Plataforma Veciñal Corno do Monte, Salva la Selva, Santa Comba Viva,, SOS Groba e Verdegaia.



O 16 de maio, representantes de ContraMINAcción convocaban a manifestación nacional contra as minas

Máis de 10.000 persoas na primeira gran manifestación contra as minas

As primeiras accións de ContraMINAcción foron a organización dunhas xornadas informativas en Vigo e en Ourense para explicar os impactos da minaría, e a convocatoria dunha manifestación nacional en Compostela o 2 de xuño, na xornada anterior á antevéspera do Día Mundial do Medio Ambiente (5 de xuño).

A manifestación do 2 de xuño foi un fito na loita contra a minaría na Galiza. Resulta difícil calcular as persoas que apoiaron a protesta, pero tendo en conta que non colleron na praza da Quintana, de seguro que foron máis de 10.000. A marcha de protesta partiu da Alameda e rematou cun manifesto coral construído coas voces dos diversos colectivos que están a loitar contra proxectos mineiros en toda Galiza na actualidade: Corcoesto e Bergantiños; Castrelo de Miño; Compostela e Ordes; a Groba, a Raxada, o Tetón e a Serra do Argalo; a Limia; a Terra Chá; a Serra do Galiñeiro; Baleira, Burón, Becerreá e Baralla; Santa Comba, Zas e Mazaricos; o Courel; o Occidente Asturiano; Triacastela. Todos e todas dixeron ben clariño que as terras nas que viven non son unha mina.

Se plural foi o berro de protesta, máis plural aínda foron os apoios acadados para esta manifestación, superando o medio cento e con presenza de moitas organizacións do Estado Español e de América Latina que se están a facer eco da nosa loita.

Paralela a estas mobilizacións, o presidente da Sociedade Galega de Historia Natural, Serafín González, creou en change.org unha campaña baixo o título de *"Que non arrasen Galiza! Paremos a megaminaría contaminante"*, que obtivo máis de 230.000 apoios.

Un plan da Xunta para cederlle a nosa terra á patronal mineira

O Plan Sectorial de Actividades Extractivas (PSAE) que está a desenvolver a Xunta é o principal obxectivo da loita contra a minaría salvaxe na Galiza.

Se este plan se aproba, permitíase a instalación de proxectos extractivos e contaminantes en todo o territorio. Mesmo autorizaría a explotación mineira en espazos protexidos polo seu valor ecolóxico ou agrario e até se dotarían de lexitimidade actividades extractivas que hoxe non cumpren a lexislación.

O PSAE culmina os cambios lexislativos que o PP levou a cabo coa modificación da Lei do Solo e coas Directrices de Ordenación do Territorio. Así, con este plan cédeselle a nosa terra á patronal mineira, que poderá explotar recursos aínda que o solo no que estean sexa de uso agrario, forestal, ou estea protexido por ser solo rústico de especial protección paisaxística, de infraestruturas, de costas, de augas, de espazos naturais, ou de interese histórica-patrimonial.











Diversas instáneas da revolta contra a minaría en Galiza. De arriba a abaixo e de esquerda a dereita: protestas en Xinzo o 27 de marzo, detalle da manifestación de Compostela, marcha en Carballo o 14 de abril, praza da Quintana o 2 de xuño e diversas faixas nesa mesma manifestación (a do SLG, a da Coordinadora contra as Minas na Terra Chá e a da cabeceira)





nº 297
Xullo de 2013
FOUCE

Novos proxectos afectan 50.000 hectáreas de territorio, a maiores das explotadas polas 529 minas en activo

A NEGRA SOMBRA DA MINARÍA AMEAZA

Nos anteriores Fouce, analizamos os proxectos mineiros que se están a pór en marcha en Corcoesto, A Limia, Castrelo de Miño, Santa Comba e Zas. Por desgraza, non son os únicos. Nestas páxinas, lembramos os devanditos e informamos sobre outras ameazas mineiras que afectan a nosa terra: as serras da Groba, do Argalo e do Galiñeiro; os montes do Tetón e da Arxada; o parque natural das Fragas do Eume; ou as comarcas de Compostela, Ordes, A Fonsagrada e Ancares deben incluírse

A LIMIA

■ **Empresa:** Minecer (Alicante)
■ **Mineirais:** Feldespato.
■ **Superficie e concellos ameazados:** 400 hectáreas en Xinzo de Limia.

Máis información no Fouce 296.

SANTA COMBA E ZAS

■ **Empresa:** Edgewater Exploration (Canadá)
■ **Mineirais:** Ouro, estaño, wolframio e niquel.
■ **Territorio ameazado:** 720 hectáreas en Santa Comba e Zas.

Máis información no Fouce 296.

A MARIÑA

Na veciña Asturias, hai un proxecto de extracción de ouro moi semellante ao de Corcoesto, coa diferenza de que nin o goberno municipal de Tapia nin o do Principado lle deron o visto bo. Afecta a Galiza na medida en que Tapia queda a pouco máis de dez quilómetros de Ribadeo e da Mariña Oriental.

■ **Empresa:** Astur Gold (Canadá)
■ **Mineirais:** Ouro.
■ **Superficie e concellos ameazados:** 686 hectáreas en Tapia (Asturias).

CORCOESTO

No Fouce 295 dabamos cumprida información sobre este proxecto contaminante de extracción de ouro no que se envorcarán cantidades inxentes de cianuro e arsénico no medio ambiente e no sistema fluvial do Anllóns.

Agora, o proxecto vén de dar unha nova volta de rosca ao ampliarse en 7.400 hectáreas. Ademais, tamén se ampliaron as 800 hectáreas do proxecto orixinal en 630 adicionais nas parroquias de Cereo e Valenza, no concello de Coristanco. En total, a zona afectada achégase ás 9.000 hectáreas, ou o que é o mesmo, 90 Km².

■ **Empresa:** Edgewater Exploration (Canadá)
■ **Mineirais:** Ouro.
■ **Territorio ameazado:** 9.000 hectáreas Cabana e Coristanco.

A MONTAÑA DE LUGO

A febre do ouro tamén chegou á montaña lucense da man de Goldquest Ibérica, filial dunha empresa canadense que pretende atopar nestas terras cinc, cobre, ouro, prata e chumbo. A Xunta concedeulle a esta empresa permiso para tomar mostras en 12.000 hectáreas repartidas nos concellos de A Fonsagrada, Baleira, Baralla e Becerreá.

A práctica totalidade da zona na que Goldquest vai buscar minerais afecta ao territorio da Reserva da Biosfera do río Eo-Oscos-Burón e á Reserva da Biosfera Terras do Miño. Ademais, tamén tería impacto no Lugar de Interese Comunitario (LIC) Serra da Foncuberta, unha zona incluída da proposta de ampliación da Rede Natura que está tamén en plena tramitación.

Estas minas afectarían de maneira directa ao río Eo con consecuencias na canle fluvial e tamén na desembocadura da ría de Ribadeo, incluída na propia reserva e tamén considerada "LIC e Zona Húmida de Importancia Internacional". No caso de Terras do Miño, as afeccións directas chegarían a unha gran superficie da bacía alta do río Miño e a multitude de ríos e regatos.

■ **Empresa:** Goldquest Ibérica (Canadá)
■ **Mineirais:** Cinc, ouro, cobre, prata e chumbo.
■ **Territorio ameazado:** 12.000 hectáreas na Fonsagrada, Baleira, Baralla e Becerreá.

CARTELLE, CASTRELO , ARNOIA E RAMIRÁS

■ **Empresa:** Minas y Geología (Salamanca)
■ **Mineirais:** Wolframio.
■ **Territorio ameazado:** 1.680 hectáreas nos concellos de Arnoia, Cartelle, Castrelo de Miño e Ramirás.

Máis información no Fouce 296.

COMPOSTELA E ORDES

A empresa mineira Erimsa, de Noruega, a mesma que leva anos tentando espoliar a Terra Chá, vén de solicitar cinco permisos de investigación para as concesións mineiras Calvente, Andrea, Lamoso, Xanceda e Marís, que abranguen unhas 8.000 hectáreas dos concellos de Oroso, O Pino, Santiago, Ordes, Frades e Mesía. Todas as concesións son para extraer cuarzo e minerais afíns a ceo aberto.

Neste caso, o Sindicato Labrego Galego presentou alegacións aos tres proxectos por estar en perigo o futuro das explotacións da zona. Tamén denunciou á empresa por realizar escavacións de prospección no termo municipal de Oroso, na que sería a concesión Calvente, sen os permisos legais pertinentes.

Estes proxectos mineiros abranguen varias zonas de solo rústico de protección agropecuaria, onde está prohibida a actividade mineira, e de protección forestal. Ademais, unha parte importante dos terreos afectados por estes permisos de investigación foron sometidos no seu día a un proceso de concentración parcelaria, de maneira que teñen actualmente un claro uso agropecuario e unha alta produtividade agrícola ou gandeira.

A maiores, habería un forte impacto sobre o río Tambre e afluentes seus como o Maruzo ou o Samo, catalogados como Lugar de Interese Comunitaria (LIC) coa correspondente protección da Rede Natura 2000. Tamén se verán afectadas zonas urbanas con importantes concentracións de vivendas como Sigüeiro, Penateixa, Gándara, Porto Avieira, Piñeirón ou Oroso.

■ **Empresa:**Erimsa (Noruega).
■ **Mineirais:** Cuarzo.
■ **Territorio ameazado:** 8.000 hectáreas en Santiago de Compostela, Oroso, O Pino, Ordes, Frades e Mesía.

A NOSA TERRA

nunha listaxe que, paseniño, vai facendo medrar unha sombra que está a cubrir o país enteiro. Estamos a falar de case 50.000 hectáreas, sen contar as xa destruídas polas 529 explotacións mineiras en activo que hai hoxe na Galiza.



FRAGAS DO EUME

A cincuenta metros do parque natural das Fragas do Eume, o máis singular da Europa atlántica, Picobello pretende extraer andalucita, un mineral refractario utilizado na fabricación de ladrillos e outros elementos cerámicos. Nas terras onde se escavaría a canteira a ceo aberto hai, na actualidade, unha fraga de 25 hectáreas e nacen dela dous afluentes do Eume: o Cernada e o Gallel.

■ **Empresa:** Picobello Andalucita (Inglaterra e Suráfrica).
■ **Mineirais:** Andalucita.
■ **Territorio ameazado:** 28 hectáreas en Pontedeume, a carón das Fragas do Eume.

SERRA DO GALIÑEIRO

A Serra do Galiñeiro abrangue Vigo, Gondomar, O Porriño e Tui, e alberga lugares de interese como o Parque Natural do Monte Aloia. Neste caso, a multinacional sudafricana Umbono Capital solicitou permiso para investigar nos montes de Mos e do Porriño e buscar as que se coñecen como terras raras, nas que se inclúen minerais do grupo dos lantánidos e outros semellantes como o itrio e o escandio, que se utilizan na fabricación de teléfonos móbiles, pantallas de raios X, coches híbridos ou turbinas eólicas.

Explotar as terras raras do Galiñeiro suporía a creación dunha enorme mina a ceo aberto que afectaría a núcleos habitados e envelenaría cursos fluviais.

■ **Empresa:** Umbono Capital (Suráfrica).
■ **Mineirais:** Itrio, Escandio e lantánidos.
■ **Territorio ameazado:** 42 hectáreas en Vigo, Gondomar, Porriño e Tui.

SERRAS DA GROBA E DO ARGALO E MONTES DO TETÓN E DA RAXADA

A empresa Medgold Resources quere tirar ouro e outros metais das serras da Groba e do Argalo, e dos montes do Tetón e da Raxada. Para iso, solicitou permiso para facer prospeccións en 8.250 hectáreas (máis de 80 Km²) que afectarían a Gondomar, Baiona, Oia, O Rosal, Tui e Tomiño.

Neste caso, estamos a falar de montes nos que, tradicionalmente, se criaron e séguense a criar cabalos salvaxes de pura raza galega que se xuntan nos curros de Valga, Torroña, Mougás e San Cibrán.

Ademais, a riqueza arqueolóxica e patrimonial da zona é inmensa: dende restos do Imperio Romano e castros, a campos de mámoas e petroglifos, sen esquecermos dos foxos de lobo, curros ou meixóns.

■ **Empresa:** Medgold Resources (Canadá)
■ **Mineirais:** Ouro.
■ **Territorio ameazado:** 8.250 ha. en Tui, Gondomar, Baiona, Oia, O Rosal e Tomiño.

TERRA CHÁ

Aínda que Medio Ambiente e a Xustiza denegaron a autorización a Erimsa para explotar o seixo na Terra Chá, o novo Plan Sectorial de Actividades Extractivas da Xunta podería reactivar de novo a ameaza.

■ **Empresa:** Erimsa (Noruega).
■ **Mineirais:** Cuarzo.
■ **Territorio ameazado:** 5.700 hectáreas en Castro de Rei, A Pastoriza e Cospeito.

Máis información no Fouce 296.

nº 297
Xullo de 2013
FOUCE

O desastre socioeconómico, sanitario e ambiental da megaminaría en Arxentina

A Rede ContraMINAción mantivo, o 11 de xuño, un encontro de traballo con Sebastián Pinetta, presidente da asociación civil arxentina Bienaventurados los Pobres (BePe) e coordinador do proxecto *"Fortalecemento das capacidades de comunidades do noroeste arxentino afectadas pola minaría a ceo aberto para a defensa dos seus territorios e medios de vida"*.





Representantes de ContraMINAcción (esquerda) reuníronse con Sebastián Pinetta (dereita) na sede do SLG

No intre de visitar Galiza, Sebastián Pinetta atopábase realizando unha xira por Europa encadrada nunha campaña de comunicación internacional, do 13 de maio ao 17 de xuño, para denunciar a problemática xurdida por mor da minaría a ceo aberto en Arxentina, e as consecuencias que está a ter nos medios de vida, no entorno natural e na saúde das comunidades que a sofren.

Sebastián Pinetta achegou a testemuña directa de quince anos sufrindo a explotación a ceo aberto en Catamarca, ao oeste da Cordilleira dos Andes, por parte da mineira Alumbrera, unha empresa transnacional participada por capital suízo e canadense que extrae 120 millóns de toneladas métricas de minerais ao ano, entre as que se atopan cobre e ouro.

■ Alumbrera anticipa o Plan Sectorial de Actividades Extractivas da Xunta

Esta experiencia ten unha grande importancia para Galiza, xa que anticipa as consecuencias que pode traer canda si o Plan Sectorial de Actividades Extractivas da Xunta.

O modus operandi de Alumbrera en Arxentina foi semellante ao que está a acontecer na Galiza con proxectos mineiros coma o de Corcoesto: as empresas desembarcan en zonas deprimidas e empobrecidas dividindo á poboación co ofrecemento de postos de traballo que, ao final, acaban sendo moitos menos dos prometidos. Despois, a súa actividade deixa tras súa un ronsel de destrución medioambiental e dos sectores produtivos tradicionais que traballaban na zona que é "totalmente irreparable e da que ninguén se responsabiliza", asegura Pinetta. Todo coa conivencia dos poderes públicos, dende os políticos aos xudiciais. Como na Galiza, a única ferramenta de oposición que lles queda ás comunidades afectadas é a loita social.

A de Pinetta foi, xa que logo, unha valiosa testemuña que nos axuda a anticipar as consecuencias que podería ter na Galiza o Plan Sectorial de Actividades Extractivas da Xunta e a proliferación de explotacións mineiras a ceo aberto no noso país que propiciaría a súa aprobación.

A catástrofe humanitaria da mina Alumbrera en cifras

A empresa Alumbrera, de capital suízo-canadense, explota no departamento arxentino de Belén (Catamarca), unha mina a ceo aberto para a extracción de cobre e ouro. Produce cada ano 700.000 toneladas de concentrados (barro con minerais e ácidos) que se bombean, a través dun mineraloducto, a unha planta de filtrado a 316 quilómetros de distancia.

- **Consumo eléctrico:** O maior de Arxentina, con máis de 1.500 Gigawatios/hora (o 68% de toda a provincia). A electricidade que produce vén dunha central térmica que consume 8'74 millóns de metros cúbicos de gas natural ao mes.
- **Auga:** 100 millóns de litros por día.
- **Contaminación:** Vertidos de nitrato amónico, 4,28 toneladas de gases nitrosos á atmosfera por día, entulleira tóxica de 30 hectáreas e 150 metros de altura... Estímase que toda a contaminación provocada durará máis de 500 anos.
- **Saúde:** No entorno de Alumbrera supéranse en miles de veces os niveis permitidos de metais e minerais tóxicos: arsénico (20.000), cadmio (5.000), cobre (20), mercurio (10.000), chumbo (60), selenio (1.000). Na auga atopouse un elemento radiactivo, o **estroncio**, en proporción de 2'3 miligramos por litro. A xente sufre diversas patoloxías provocadas pola actividade mineira, principalmente **doenzas respiratorias** e cancro. Incremento do **cancro óseo** entre a xente nova (rapazada e adolescentes) na localidade de Andalgalá: mentres que o normal son 6 casos por cada millón de habitantes na franxa de idade que vai dos 5 aos 20 anos, en Andalgalá houbo 3 casos en 18.000 habitantes, o que supón un incremento do 2.400% sobre a media. Tamén aumentou nun 500% sobre a media a incidencia da **esclerose múltiple**.

O PP traizoa ao sector lácteo votando que se poida seguir vendendo a perdas

O 11 de xullo, o Senado aprobaba a Lei da Cadea Alimentaria co apoio dos e das populares da Galiza

Feijóo prometera en novembro de 2012, no contexto da folga de entregas do sector lácteo, que faría todo o posible para prohibir a venda a perdas ou por baixo dos custes de produción. Pero era mentira. O PP de Galicia tiña doado cumprir a súa palabra: bastaba con que os e as representantes populares da Galiza nas Cortes Xerais votasen unha Lei da Cadea Alimentaria que incluíse esa prohibición. Pero non o fixeron. Vese que tiñan máis interese en seguir os mandados do partido que en cumprir as súas promesas ou defender os intereses do pobo que os votou.

Antes da votación do 11 de xullo no Senado, as organizacións agrarias galegas tivemos unha intensa axenda de traballo para forzar que a Lei da Cadea Alimentaria incluíse a prohibición de vender a perdas ou por baixo dos custes de produción.

O SLG multiplicou ese traballo a nivel estatal apoiando as iniciativas de COAG ao respecto, como a concentración reivindicativa diante do Senado que se fixo o 9 de xullo, na antevéspera da votación na Cámara Alta.

No sector había moitas esperanzas de que, por fin, unha lei rematase coa inxustiza que supón manter na legalidade a extorsión das industrias e da distribución ás explotacións agrogandeiras derivada de impoñer prezos en orixe que nin sequera cubren os custes de produción.

Esa esperanza nacera no contexto da folga de entregas do sector lácteo galego, en novembro de 2012. Daquela, o presidente Feijóo prometera que ía facer todo o posible para que a Lei da Cadea Alimentaria prohibise a venda a perdas.

Dende aquel día, as tres organizacións agrarias conseguimos o apoio a esta demanda por parte das forzas políticas do Parlamento de Galicia -incluído o PP- e mantivemos numerosos contactos cos e coas representantes populares da Galiza en Madrid. Entre os contacto, houbo unha xuntanza co delegado do Goberno en Galiza, Samuel Juárez, o 28 de maio; co deputado e a deputada no Congreso, Xaquín García e Olga Iglesias, o 5 de marzo; e co voceiro do PP no Senado, o lucense Xosé Manuel Barreiro, o 7 de xuño.



Entre as accións, unha comitiva do SLG apoiou unha concentración organizada pola COAG diante do Senado, o 9 de xullo, na que se denunciou a venda a perdas de leite con prezos inferiores a 0'50 € / litro

"Sen ferramentas para protexernos dos abusos das industrias e da distribución"

O PP galego só tiña dous xeitos de cumprir as súas promesas: un, incluír no articulado da lei a prohibición de vender por baixo dos custes de produción ou algunha fórmula que fose nesa dirección; ou, dous, votar en contra da lei en caso de que o texto non incluise ese particular. Por desgraza, o PP demostrou, unha vez máis, que non ten palabra e que lle importan máis os intereses de partido que os do noso medio rural.

A Lei da Cadea Alimentaria aprobada o 11 de xullo polo Senado, cos votos favorables dos senadores e senadoras do PP de Galiza, "constata os temores que tiñamos no sector produtor, ao que se deixa sen ferramentas eficaces para protexerse dos abusos das industrias e da distribución", en palabras da secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba.

Así, a nova Lei da Cadea Alimentaria seguirá permitindo que industrias e distribución sigan a impoñer prezos por baixo dos custes de produción en orixe en todos os sectores agrarios e gandeiros, cuxo único recurso para oporse a esta situación de abuso descarado será a Lei de Competencia; iso si, se unha explotación quere denunciar, deberá meterse en longos e carísimos procesos xudiciais sen garantías de éxito, polo que as industrias e as distribuidoras poden estar tranquilas.

Deste xeito, "o PP perdeu unha oportunidade histórica de crear mecanismos áxiles que senten as bases dunhas relacións comerciais xustas nos sectores agrogandeiros, garantindo a rendibilidade económica da profesión labrega", asegurou Isabel Vilalba.

nº 297
Xullo de 2013
FOUCE

O SLG achega alegacións ao decreto que regulará a venda directa en Galiza

Entre outras demandas, pedimos a inclusión de novos xeitos de comercialización e que diminúa a burocracia

O Sindicato Labrego Galego presentou unha serie de alegacións ao borrador do decreto polo que a Xunta de Galicia quere regular a venda directa de produtos primarios desde as explotacións ao consumidor ou consumidora finais. Este decreto chega tras décadas de esquecemento por parte das diversas administracións cara a un xeito de comercializar que, no noso país, se vén practicando dende sempre e é unha parte fundamental na economía de moitas explotacións. Agora, agardamos que a Xunta recolla as nosas achegas para adaptar a futura lei á realidade dos nosos días.



O SLG leva anos traballando pola dignificación da venda directa como vía para rendibilizar a profesión labrega. Na imaxe, mercado en Verín (Ourense) promovido polo Sindicato Labrego Galego no ano 2006

Cómpre lembrar que, a pesares da importancia da venda directa de produtos agrogandeiros na Galiza, os diversos gobernos da Xunta nunca lle deron valor nin a potenciaron; nembargante, noutros países da Unión Europea levan moitos anos avanzado na procura de defender ás persoas que realizan esta actividade.

Os datos son incuestionables: En Alemaña, entre 30.000 e 40.000 explotacións comercializan os seus produtos sen intermediarios, cifra que ascende a 46.000 en Austria (un terzo das explotacións), máis de 57.000 en Italia ou 107.000 en Francia; nembargante, en todo o Estado Español, con datos de 2007, non chegaban a 1.500 as explo-tacións que vendían directamente máis do 50% da súa produción. Isto evidencia que a nosa clase política leva moitos anos máis preocupada por manter un tipo de mercado que favorece ostensiblemente ás grandes distribuidoras e ás industrias, en troques de desenvolver canles curtas de comercialización que deixen o meirande das rendas obtidas pola venda dos produtos agropecuarios na propia explotación.

O borrador da lei só contempla a venda en mercados locais, na explotación ou en feiras

En canto ás alegacións, a primeira refírese á exposición de motivos, onde o borrador reduce a actividade de venda directa á que se fai en feiras e mercados locais, sen facer referencia a novas modalidades en auxe como a venda a grupos de consumo, a través de Internet e a establecementos de restauración, ou o reparto a domicilio. Isto desenvólvese no artigo 7, onde establece que a venda directa se pode facer só in situ na propia explotación, en feiras ou mercados locais, ou en comercios sen que haxa intermediarios.

A estas tres posibilidades, as alegacións do SLG engaden outras cinco: a domicilio, a agrupacións de consumidoras e consumidores de calquera formato, por Internet (sempre que sexa á consumidora ou consumidor final), e a centros da administración pública ou a centros privados nos que se preparen e sirvan comidas.

■ Colaboración entre vendedores/as

Outra das alegacións do SLG refírese ao artigo 6.2, que obriga a que só se poidan comercializar os produtos obtidos na propia explotación. Para o SLG, cómpre incluír no texto a posibilidade de que as persoas que fagan venda directa poidan vender tanto os seus produtos como os obtidos noutras explotacións de características similares inscritas no Rexistro de Venda Directa (REVEDI). Con isto, estariamos a dar cobertura a unha práctica habitual na que dous ou máis labregos ou labregas se alían para intercambiar producións ou colaborar á hora de repartirse o traballo de venda, cun considerable aforro de cartos e tempo.

Adaptar os topes de venda ao tamaño das explotacións

O SLG tamén alegou para tentar rebaixar a carga burocrática inútil que se esixe no borrador. Por exemplo, o artigo 8 obriga a etiquetar cada produto cos datos da explotación (titular, enderezo, número de rexistro). Esta obriga tórnase inviable para aquelas explotacións que producen unha grande variedade de alimentos, especialmente as que venden hortalizas e froita fresca. Para o SLG, debería abondar con que os datos da explotación e do/da titular estivesen en lugar visible no posto de venda.

Finalmente, tamén se presentaron alegacións para tratar de adaptar á realidade das explotacións que practican a venda directa a cantidade permitida de produto por ano. Por exemplo, o borrador do decreto contempla que cada explotación poida comercializar de xeito directo até 25 toneladas de amorodo cultivado en invernadoiro (serían 12'5 para o cultivo exterior) e 26 toneladas de kiwi, cantidades esaxeradas para as pequenas e medianas explotacións que fan venda directa. O SLG propuxo para o amorodo límites de 5 toneladas en exterior e 10 en invernadoiro, e de 13 para o kiwi. Tamén se pediu que se inclúa unha cantidade máxima autorizada para a venda de cereais, pois non se menciona; e que se aumente a cantidade autorizada para vender outras froitas, xa que estas figuran nun apartado xenérico cun tope máximo de 20 toneladas, discriminando a aquelas explotacións con produción froiteira diversificada.

Espazo subvencionado por

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

Prevención de riscos laborais nos invernadoiros

■ Consellos e recomendacións

- Limitar o tempo de permanencia dentro dos invernadoiros ao realmentenecesario as horas de menor incidencia da calor.
- Ter unha boa ventilación, natural ou forzada
- Evitar a utilización continuada de vehículos a motor no interior deinvernadoiros con ventilación deficiente.
- Intentar efectuar os tratamentos fitosanitarios durante as horas menos calorosas do día, sobre todo cando se usa roupa impermeable.
- Evitar a acumulación de materiais combustibles (palés, cartón, broza, plásticos, etcétera).
- As tarefas de pintado e reparación do plástico de invernadoiros deben realizarse respectando as medidas de seguridade axeitadas para este tipo de traballos (traballos en altura, etcétera).



Os riscos por caída en invernadoiros son habituais, pero intensifícanse cando cos traballos de reparación e mantemento en alturas

■ Riscos mais habituais

- Cortes, rabuñaduras e/ou picadas en dpartes do corpo
- Golpes de calor e déficits de hidratación.
- Caídas ao mesmo nivel por chans irregulares ou por gomas de rega en zonas de paso.
- Caídas a distinto nivel (especial precaución nos traballos de reparación en alturas).
- Os relativos a manipulación e exposición a produtos fitosanitarios.

Primeiro aniversario do mercado de alimento labrego dos Tilos

O Mercado do Alimento Labrego dos Tilos cumpriu o seu primeiro aniversario. Para celebralo, fíxose unha festa o pasado 8 de xuño. Amais dos produtos locais, houbo alimentos doutras comarcas invitadas, artesanía, música tradicional e petiscos na taberna.

Para os labregos e labregas que dan vida a este mercardo "parece que non pasaron máis que uns días desde que xurdira unha idea que estivo a roldarnos na cabeza e que finalmente materializamos o 9 de xuño de 2012 na praza circular dos Tilos. Ese día nacía o mercado de alimento labrego de Teo e ata hoxe estivemos 52 sabados con todos aqueles e aquelas que nos visitastes, que nos fixestes parte da vosa cesta e da vosa mesa e que nos incluístedes semana tras semana na vosa axenda dos sábados. Queremos compartir con todas esas persoas e con aquelas que aínda non nos coñecen a nosa ledicia por ter acadado uns obxectivos fundamentais: lograr manter o mercado vivo, lograr ser un elemento máis da paisaxe dos sábados, lograr espertar o voso interese polo consumo responsable e de calidade, lograr enraizar nos Tilos".

Dende a páxina web **www.ceres.org.es**

Accede de xeito **rápido e sinxelo** aos contidos dos

Plans de Desenvolvemento Rural


da túa comunidade autónoma

ASESORÍA EN DESENVOLVEMENTO RURAL











CERES

CONFEDERACIÓN DE MUJERES DEL MUNDO RURAL

Avanzando en igualdade

FEADER
Europa invierte en las zonas rurales

GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

A VI Conferencia da Vía Campesina conclúe con 33 novos membros

Celebrouse en Iacarta coincidindo co vixésimo aniversario da que é a maior organización agraria do mundo

Entre o 9 e o 13 de xuño, a Vía Campesina celebrou a súa VI Conferencia Internacional en Iacarta (Indonesia). Neste encontro global, que precederon as asembleas da mocidade e das mulleres, formalizouse a incorporación de 33 novos membros. Como principal novidade, o traslado a Zimbabue (África) da sede da Secretaría Operativa Internacional, que estivo en Asia durante os últimos oito anos. Tamén un motivo de celebración: a maioría de idade da Vía Campesina, que cumpriu vinte anos dende a súa fundación en Mons (Bélxica) no ano 1993.

En efecto, na VI Conferencia ratificouse a incorporación de 33 novos membros, de maneira que, agora mesmo, na Vía Campesina estamos 183 organizacións de todo o mundo, incluíndo países novos como Palestina ou Taiwan. Non se trata só de sindicatos agrarios, tamén hai movementos de pobos indíxenas, de mulleres, urbanos e de persoas sen terra.

En canto ao desplazamento da coordinación da Vía Campesina de Asia a África, o coordinador xeral da Vía Campesina e presidente do Sindicato de Labregos e Labregas de Indonesia (Serikat Petani Indonesia-SPI), Henry Saragih, declarou: "Este ano, pasaremos o relevo a África, xa que é un continente importante. As transnacionais puxeron os seus ollos nel, están acaparando as terras e queren impoñer un modelo de revolución verde con transxénicos. En Asia, xa comprobamos que a revolución verde fracasou. Expresamos a nosa solidariedade e unidade cos movementos labregos africanos para deter esta recolonización e escoller o modelo de desenvolvemento que beneficie ao pobo africano e aos seus labregos e labregas".

A organización que albergará a Secretaría Operativa Internacional da Vía Campesina será o Foro de Pequen@s Labreg@s Ecolóxic@s de Zimbabue (ZIMSOFF), organización formada por 19.000 familias.





O principal cambio organizativo da conferencia foi pasar a coordinación de Asia a África. Arriba Henri Saragih cede a palabra aElizabeth Mpofu

A directora do ZIMSOFF, Elizabeth Mpofu, adiantou algúns dos eixes de traballo que, dende África, se coordinarán para a Vía Campesina: "Seguiremos intensificando os debates e renovando o noso compromiso para da resposta ás cuestións clave que se decidiron na última Conferencia Internacional de Maputo". Neste senso, Mpofu sinalou que se ía reforzar a campaña Basta de Violencia contra as Mulleres, reforzar o papel da mocidade dentro da Vía Campesina e promover unha axenda positiva para a Campaña Mundial de Sementes.

Se algo ficou claro ao final da VI Conferencia foi o compromiso irrenunciable da Vía Campesina coa soberanía alimentaria, como se pode tirar do seu chamamento final. Na páxina web do SLG pódese acceder á tradución galega deste manifesto a través do seguinte enlace: **http://sindicato-labrego.com/index.php?s=3&i=915**

200 millóns de persoas e 183 organizacións a prol da soberanía alimentaria

As conferencias internacionais da Vía Campesina celébranse cada catro anos. Son o máximo órgano de toma de decisións colectivas, de debates e de construción dunha axenda común de mobilización do movemento labrego máis grande do mundo. As edicións anteriores foron: Mons (Bélxica, 1993), Txacala (México, 1996), Bangalore (India, 2000), Sao Paulo (Brasil, 2004), Maputo (Mozambique, 2008) e a actual en Iacarta (Indonesia, 2013).

Tras estes vinte anos de andaina, a Vía Campesina agrupa a un total de 183 organizacións de África, América, Asia e Europa nas que militan ao redor de 200 millóns de labregos e labregas.

nº 297
Xullo de 2013
FOUCE

Encontro entre a ECVC e Dacian Ciolos pola agricultura familiar

A Coordinadora Europea da Vía Campesina tratou co Comisario cuestións como a terra ou a agroecoloxía

O 30 de maio, unha comitiva da Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC) formada por Marzia Rezzin, Genevieve Savigny e Hanny van Geel, mantivo un encontro co Comisario de Agricultura, Dacian Ciolos, en Bruxelas. A cuestión principal a tratar co Comisario foi a celebración de 2014 como Ano Internacional da Agricultura Familiar. Mais aproveitando a xuntanza, introducíronse outros temas como o acaparamento de terras, a defensa da biodiversidade e das sementes, o regulamento da agricultura ecolóxica e da venda directa ou as politicas comerciais da UE.



Hanny van Geel, Genevieve Savigny, Alina Ujupan e Dacian Ciolos durante os prolegómenos da xuntanza

En efecto, as representantes da ECVC defenderon unha agricultura familiar «que sirva de medio de vida para a subsistencia das familias a diferenza da lóxica especulativa da agricultura industrial». Precisamente, a raíz de falar da agricultura familiar e da fixación do 2014 como ano para promovela, Rezzin, Savigny e van Geel explicáronlle a Dacian Ciolos os principais retos aos que se enfronta este modelo.

En primeiro lugar, as representantes da ECVC denunciaron o problema do **acceso a base territorial** por parte das explotacións. E fixérono cos datos do estudio da Coordinadora que analiza a perda de terras por mor da intensificación da agricultura e do acaparamento a mans de grandes propietarios.

En canto á **agricultura ecolóxica**, dende a ECVC pedíuselle ao Comisario que na revisión do Regulamento 834/07 e o novo plan de acción que contempla, se lle dea prioridade ás pequenas explotacións, moitas das cales non dan o paso a un modelo ecolóxico por mor dos obstáculos burocráticos.

En concreto, demandáronse a asunción dos custes de certificación dentro dos fondos do segundo piar da PAC; o desenvolvemento de circuítos curtos de comercialización; apoio á formación en agroecoloxía; e novos modelos de certificación adaptados á realidade das pequenas explotacións, así como a posta en marcha da certificación de grupo da Unión Europea.

A comercialización e o acceso aos mercados, claves para as explotacións labregas

O acceso aos mercados das pequenas explotacións tamén foi exposto como un tema crucial para garantir a continuidade destas. Dende a ECVC, denunciáronse os principais problemas dos labregos e labregas para poder comercializar as súas producións. Por exemplo, os regulamentos de sanidade, transformación, transporte e venda non se adaptan aos pequenos volumes de produción, polo que a normativa debe ser máis flexible coas producións reducidas e a venda directa. Tamén se lle explicou a Ciolos que hai regras que impiden a venda de produtos locais a institucións públicas como hospitais ou centros escolares, do mesmo xeito que as hai tamén que non deixan aos labregos e labregas organizarse para negociar prezos.

A falla de operadores -comerciantes e cooperativas- a través dos cales se poidan comercializar os alimentos foi outro dos obstáculos expostos ao Comisario, así como o excesivo peso das grandes superficies comerciais que mercan grandes volumes de produto e, polo tanto, non están abertas a pequenas producións; un e outro son graves atrancos á hora de dar saída ás producións das pequenas explotacións. Tamén se falou da necesidade dun labor para que se recoñeza o valor dos produtos labregos.


■ As propostas da ECVC

Como solucións xenéricas, dende a ECVC pediuse adaptar as normas de transformación e a distribución aos volumes produtivos pequenos, recoñecer e pór en valor os alimentos labregos como un produto exclusivo das pequenas explotacións, e adaptar as regras da competencia para permitir que os agricultores e as agricultoras se poidan organizar e negociar prezos.

Tamén se apuntou á posibilidade de que a nova PAC cree unha axuda ás pequenas explotacións e un suplemento de prezo para as primeiras hectáreas, así como aplicar disciplina financeira para os pagos directos de 2013 a partir dos 5.000 euros.

Rexeitamento da nova normativa para as sementes





O responsábel de cuestións ligadas ás sementes labregas na ECVC, Guy Kastler, cualificou esta normativa como "un ataque directo, dunha violencia sorprendente, contra os dereitos dos labregos e das labregas"

O pasado 6 de maio, a Comisión Europea adoptaba unha proposta de regulamento para as sementes que, en palabras da Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC), supón un "agasallo ás patentes e aos títulos de propiedade da industria agroalimentaria".

En concreto, a ECVC denuncia que "nesta proposta, a Comisión Europea deixa ben aberta a porta á comercialización sen restricións das plantas patentadas. Estas últimas, evidentemente, vanse espallar e contaminar todos os campos, sen distinción". O texto da lei está elaborado de tal xeito que, aínda que o labrego ou labrega sexan vítimas dun caso de contaminación involuntaria (é dicir, que nazan plantas patentadas nas súas leiras porque caeron sementes de xeito accidental), terán que pagar multas á industria propietaria da patente se esta os denuncia, coma se tivesen roubado as sementes. Tamén alerta a ECVC que "o meirande destas plantas patentadas teñen transxénicos ocultos".

Ademais, os estados membros da UE poderán dar ás industrias unha listaxe dos produtores e produtoras que produzan e garden sementes a partir de plantas patentadas para a seguinte sementeira. Deste xeito, as industrias poderán reclamar o pagamento dos dereitos aos labregos e labregas.

O responsábel de cuestións ligadas ás sementes labregas na ECVC, Guy Kastler, cualificou esta normativa como "un ataque directo, dunha violencia sorprendente, contra os dereitos dos labregos e das labregas e das prácticas que lles permitiron alimentar, até agora, á poboación mundial e que lles permitirán seguir facéndoo no futuro".

Kastler explicou que "nos van obrigar a pagar custes de rexistro, de control e taxas prohibitivas. Tratan de forzarnos a utilizar as sementes da industria, coa dependencia e acompañamento de produtos químicos e fitosanitarios que estas últimas representan".

Entre as accións emprendidas pola Coordinadora, están as solicitudes que fixo diante do Parlamento e do Consello Europeos para que "modifiquen en profundidade esta proposta para oporse ás sementes patentadas e á apropiación de formas de vida pola industria e reafirmar os dereitos dos labregos e das labregas a producir e intercambiar as súas sementes".

Comercialización e acceso aos mercados, claves para as explotacións labregas

Este polémico regulamento foi unha das principais cuestións que puxeron sobre a mesa Marzia Rezzin, Genevieve Savigny e Hanny van Geel, na xuntanza con Dacian Ciolos do 30 de maio. Para a ECVC, este paquete normativo é totalmente incompatible co Ano da Agricultura Familiar. As representantes da ECVC denunciaron os riscos das novas normas: liberdade total do comercio de sementes patentadas obtidas a través da manipulación xenética non regulada (transxénicos ocultos), fichado xeneralizado dos labregos e labregas que produzan sementes para beneficiar os dereitos de propiedade intelectual, prohibición das sementes de granxa e ecolóxicas pola extensión do paquete hixiene a toda produción e control dos intercambios entre labregos e labregas.

A ECVC tamén denunciou diante de Ciolos que este proxecto de regulamento, de aprobarse, "vai traer graves consecuencias en canto á destrución da autonomía labrega, posto que non só afecta ás sementes, senón que persegue reestruturar en profundidade o conxunto das producións agrícolas para sometelas á ditadura dos dereitos de propiedade intelectual e ás necesidades da industria agroalimentaria e das grandes superficies".

Contra isto, pediron "unha normativa que protexa as sementes labregas fronte á súa prohibición a través da xeneralización das patentes e as normas industriais. Queremos unha normativa que protexa os dereitos dos labregos e das labregas e das persoas que se dediquen á xardinaría para que poidan seleccionar, conservar, reproducir, intercambiar e vender as súas sementes non transxénicas; e para que se garanta a diversidade e a calidade das sementes dispoñibles no mercado, como primeira etapa da soberanía alimentaria".

nº 297
Xullo de 2013

O ministro Cañete apanda cunha reforma da PAC negativa para Galiza

O Consello de Ministr@s de Agricultura, o Parlamento e a Comisión chegaron a un acordo o 26 de xuño

O pasado 26 de xuño, a Comisión, o Parlamento e o Consello de Ministros e Ministras de Agricultura da Unión Europea chegaron a un acordo para sacar adiante unha nova reforma da Política Agraria Común (PAC). Lonxe do triunfalismo do ministro Arias Cañete, que negociou en representación do Estado Español, o SLG denuncia que a reforma acordada segue a ser moi lesiva para os e as profesionais do campo, tremendamente negativa para o modelo social e profesional da agricultura, e letal para os principais sectores agrogandeiros galegos, nomeadamente o lácteo, o vitivinícola e o cárnico

No caso do **sector lácteo**, mantense a desaparición do sistema de cotas no ano 2015 sen ningunha alternativa reguladora, o cal pode provocar un asolagamento do mercado con excedentes e unha caída brutal dos prezos do leite en toda Europa, provocando a ruína de miles de explotacións. Esta medida que noutras zonas do Estado ás penas se notaría, será catastrófica para o medio rural galego e para o seu principal motor económico.

Por se non abondase, tamén se vai permitir a ampliación dos **dereitos de plantación de viñedo** a razón dun 1% anual. O incremento da produción vitícola nun sector onde os prezos da uva adoitan a ser miserables e con moitas adegas que están a almacenar o viño elaborado porque non ten saída no mercado, e mesmo empresas que non pagaron a uva vendimada en 2011, tamén abocaría ao noso sector vitivinícola, coas súas cinco denominacións de orixe incluídas, cara ao desastre.

En canto ás **explotacións de carne**, existen grandes incertezas respecto á continuidade das axudas acopladas das que depende unha parte importante dos seus ingresos ao estar situadas, normalmente, en zonas desfavorecidas de montaña da Galiza, onde non é posible outra actividade profesional ou económica máis alá da gandaría.



A Unión Europea e o Ministerio de Agricultura volveron poñerse de acordo para favorecer coa PAC a especulación de terratenentes e empresas

Cancelas abertas para que a Duquesa de Alba e Mario Conde se forren coas axudas

Por se non abondase, esta PAC que nos propoñen dende Bruxelas afondará na estafa do sistema de axudas agrícolas comunitario, no que os máximos perceptores de axudas son grandes terratenentes e empresas como o Príncipe Carlos de Inglaterra, a Duquesa de Alba, Mario Conde, Heineken, a tabacaleira Philip Morris, BASF, Nestlé ou o Credit Agricole Bank, por poñer algúns exemplos.

A solución? Poñer un tope por axuda de 100.000 euros e limitar o cobro a agricultores/as activos/as para que os cartos queden fundamentalmente nas pequenas e medianas explotacións, que son as que realmente teñen unha actividade profesional agraria, xeran postos de traballo e manteñen o medio rural vivo.

Agora, lonxe de corrixirse esta inxustiza, non se fixo caso da proposta da Comisión Europea de poñer un tope 300.000 euros por axuda -proposta laxa de máis, para o SLG- e deixouse sen definir quen é agricultor/a activo/a, polo que seguen abertas todas as cancelas para que estas empresas e terratenentes continúen a sangrar as arcas comunitarias mantidas cos impostos da cidadanía europea.

Así, seguirase a permitir esta fraude milmillonaria na que, só no Estado Español, hai 910.000 perceptores de axudas da PAC, cando o número de cotizantes á Seguridade Social Agraria é de 350.000.

Para a secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba, "trátase dunha PAC totalmente ilexítima dende o momento que se eliminan os topes no cobro de axudas e non se vinculan esas subvencións á creación e mantemento de postos de traballo ou xeración de beneficios sociais".

O Sindicato Labrego Galego non pode estar de acordo coa PAC pactada por Arias Cañete e só apoiará unha política que contemple, entre outras medidas: a posta en marcha de novas medidas reguladoras da produción e do mercado leiteiro, regulamento público e limitación ao máximo das concesións administrativas de viñedo, avanzar na definición de agricultor/a activo/a para que sexa un requisito indispensable á hora de cobrar axudas, ou poñer un tope máximo para que as axudas da PAC non sigan a ser un lucrativo negocio para moitas empresas e terratenentes.

A reforma da PAC debullada

1. Redución orzamentaria

■ **Redución orzamentaria do 13%** en relación ao exercicio 2007-2013. Ademais, contra o defendido por Cañete, a aplicación do principio de disciplina financeira provocará un recortes nas axudas PAC do 5% para 2013 e do 6% en 2014.

2. Desmantelamento das medidas de mercado

■ A nova PAC céntrase fundamentalmente na política de axudas, a costa de desmantelar os instrumentos de regulación dos mercados e a preferencia comunitaria. Esta desregulación é moi grave porque o 75% dos ingresos dos labregos e das labregas veñen vía prezos e, polo tanto, do mercado. A eliminación das medidas de control dos mercados vai favorecer a volatilidade dos prezos e, polo tanto, a caída de rendas agrarias.

■ O desmantelamento da **preferencia comunitaria** ten como obxectivo favorecer os acordos preferenciais con países como Marrocos ou o tratado de libre comercio cos Estados Unidos.

■ Desaparecen na práctica os **sistemas de intervención** e non se actualizan os prezos destes, facendo totalmente inoperante o sistema. O incremento dos custes de produción deixará obsoletos os prezos de referencia utilizados.

■ A **cotas lácteas** desaparecerán en 2015, o que significa un duro golpe para o sector. Sen regulamento da produción, aumentarán os excedentes de leite en Centroeuropa, con caída de prezos en orixe e peche de miles de explotacións.

■ No caso dos **dereitos de plantación de viñedo**, permítese un incremento anual do 1% das actuais plantacións. Esta iniciativa provocará excedentes de produción que farán baixar os prezos da uva.

3. Agricultor/a activo/a

■ Non se aproba ningunha definición que diga que é agricultor/a activo/a. Só se crea unha listaxe de entidades que non poden percibir axudas da PAC e que até agora cobraban subvencións agrarias como aeroportos, ferrocarrís ou campos de golf que cae de caixón que non deberían cobralas baixo ningún concepto.

4. Pagamento básico e converxencia

■ O sistema establece axudas máis vinculadas á superficie que favorecen a quen máis hectáreas teñen e non alabregos e labregas profesionais. Este sistema prexudica especialmente aos gandeiros e gandeiras que dispoñen de menos terra.

5. Greening ou verdeo

■ Aínda que se flexibilizan as condicións medioambientais (verdeo) respecto á proposta da Comisión, esta parte que representa o 30% dos pagamentos directos é un mero escaparate que non achega especiais vantaxes medioambientais pero que, sen embargo, esixe maiores obrigas para os e ás profesionais, maiores custes de produción e maior risco de perda de axudas.

6. Axudas acopladas e novas

■ O SLG apoia as axudas especiais a xente moza, así como un nivel alto de acoplamento das axudas do primeiro piar, pero esta parte das axudas debería vir acompañada dun aumento do orzamento para pagamentos directos. Pola contra, os orzamentos redúcense e estes capítulos especiais implicarán un recorte das axudas para o resto de labregos e labregas.

7. Pequenos/as agricultores/as

■ 407.000 perceptores e preceptoras que cobran menos de 1.250 euros anuais en axudas no Estado Español van dispoñer dun réxime especial sen que se lles aplique a converxencia, nin a obriga de cumprir coa condicionalidade nin co verdeo.

■ O problema é que seguirá sen haber unha axuda específica para as pequenas explotacións con persoas en activo que están a proporcionar miles de postos de traballo e grandes beneficios á sociedade.

8. Teitos por explotación

■ A Comisión Europea quería un límite total por axuda de 300.000 euros. O SLG e a COAG propoñían situar ese tope en 100.000 euros. Isto foi suprimido nas negociacións e introduciuse un elemento moito máis liberal dun 5% de redución a partir de 150.000 euros, eliminando o teito de axudas.

As propostas de COAG e do Sindicato Labrego Galego

Dentro da marxe que a reforma da PAC permite aos estados membros, dende o SLG e COAG seguimos a demandar que o Ministerio de Agricultura defenda as seguintes medidas:

■ **MEDIDAS DE MERCADO**

- **Regulamento público da produción láctea** trala eliminación do sistema de cotas.
- **Regulación pública das concesións administrativas en viñedo**, limitando ao máximo as autorizacións e, en todo caso, só para profesionais do sector vitivinícola.
- **Control dos acordos con países terceiros** para evitar os incumprimentos e a competencia desleal.

■ **PAGAMENTOS DIRECTOS**

- **Agricultor/a activo/a.** Avanzar na súa definición, que debe equivaler a profesional da agricultura, establecendo criterios de actividade mínima nas explotacións, tanto agrícolas coma gandeiras. Non dar axudas a quen non sexa agricultor/a activo/a.
- **Pago base e converxencia interna.** Entendemos prioritaria a aplicación dunha rexionalización baseada en criterios agronómicos, económicos e sociais na aplicación do novo réxime de pagamento básico para garantir a viabilidade de todos os sectores agrícolas e gandeiros e dos diversos territorios e sistemas de produción.
- **Axudas acopladas.** O Estado Español debe utilizar a maior porcentaxe posible de pagamentos voluntarios acoplados (15% do sobre). É o único instrumento que nos permitirá apoiar a sectores en perigo de desmantelamento e abordar crises sectoriais, polo que resulta esencial.
- **Gandaría con escasa base territorial.** Aplicación das marxes que permiten os regulamentos comunitarios para evitar perdas de renda das explotacións profesionais afectadas, xa sexa a través da asignación de dereitos de pagamento básico ou ben mediante axudas voluntarias acopladas.
- **Réxime de pequenos/as produtores/as.** Asegurar que son activos profesionais. As axudas de quen non o sexan deben destinarse a labregos e labregas profesionais.

nº 297
Xullo de 2013
FOUCE



Unha vez coñecidas as liñas mestras da reforma da PAC, SLG e COAG expresáronlle ao ministro Arias Cañete, durante o primeiro encontro que mantiveron no Comité Asesor Agrario (na imaxe), a súa discormidade con moitos aspectos da mesma e as súas demandas para mellorala

SLG e COAG levan as súas demandas sobre a PAC ao Ministerio de Agricultura

Cando se realizaron as primeiras xuntanzas sobre a reforma da PAC no Estado Español, tanto o Sindicato Labrego Galego como a COAG insistimos nas nosas demandas para orientar a nova política comunitaria en beneficio dos labregos e das labregas dentro das marxes de decisión que a Unión Europea deixa a cada estado membro. Así o fixemos na xuntanza do Comité Asesor Agrario, mantida en Madrid o 23 de xullo co ministro de Agricultura, Miguel Arias Cañete, e á que asistiron Miguel Blanco e Andoni García en representación das nosas organizacións.

Dende o SLG e a COAG, pedimos a Cañete que só poidan ser perceptores e perceptoras das axudas da PAC os labregos e as labregas profesionais que coticen á Seguridade Social Agraria (SSA).

En relación con isto, denunciouse a fraude que acontece no Estado Español coas axudas agrarias, que contan con máis de 900.000 beneficiarias cando só cotizan como agricultores ou agricultoras 350.000. Por iso, insistimos en que agricultor/a activo/a sexa quen, amais de cotizar á SSA, obteña como mínimo o 25% dos seus ingresos da actividade agraria.

Outra das demandas foi que os labregos e as labregas profesionais que cultivaron viñedo, froitas ou hortalizas durante o ano 2013 sen recibir ningún tipo de apoio teñan dereito a integrarse no novo réxime de pagamento básico, poñendo fin á discriminación actual.

Aproveitando a convocatoria do Comité Asesor Agrario, o SLG tamén amosou a súa preocupación pola insistencia do Ministerio de Agricultura en traballar só para manter a cantidade global de cartos percibidos polo Estado Español da PAC, dando por bo o abandono das políticas de regulación dos mercados ou de control da produción, esenciais se queremos que os prezos dos produtos agrarios se manteñan e poidan mellorar no futuro.

Tanto no Comité Asesor Agrario, como en vindeiras xuntanzas sobre a PAC, o SLG mantivo cinco demandas fundamentais:

1. Establecer topes de axuda por perceptor/a, pois en caso contrario seguiremos coa inxustiza de que un número moi pequeno de beneficiarios/as da PAC, de cotío sen relación coa agricultura, acaparen o meirande do orzamento.

2. Que se defina quen é agricultor/a activo/a, sendo necesario que esa definición englobe a quen realmente ten na actividade agraria unha parte fundamental da súa fonte de ingresos, de maneira que só quen cumpra con esta definición poida percibir axudas.

3. Que se manteñan en gandería os pagos acoplados co suficiente peso como para que as nosas explotacións sigan coa súa actividade e ocupando o territorio.

4. Que os pagos a pequenos produtores e pequenas produtoras vaian encamiñados a manter a renda e, polo tanto, a facer viables as pequenas explotacións, sen límites por abaixo, e garantindo unha percepción mínima.

5. Que as zonas con especial dificultade para levar a cabo a actividade agraria sexan obxecto dun trato especial, co fin de que as actividades agrogandeiras se poidan manter nestes eidos no futuro.

En definitiva, e dado que a PAC vai ser moi diferente á que tiñamos até agora, dende o SLG cremos que é o momento de convertela nunha ferramenta que dea viabilidade ás explotacións e que incentive ás persoas a desenvolver a actividade agraria dun xeito sustentable e con futuro, e beneficiando a quen máis o necesita: as pequenas e medianas explotacións que manteñen vivo e habitado o noso rural.

O SLG apoiou a manifestación da CNA en Lisboa polo Día da Loita Labrega

O pasado 17 de abril, con ocasión da celebración do Día Internacional da Loita Labrega, a responsable de Relacións Exteriores no SLG, Lidia Senra, viaxou a Lisboa para apoiar a manifestación convocada pola Confederação Nacional de Agricultura de Portugal (CNA).

Aínda que as demandas da manifestación ían dirixidas ao goberno portugués, son aplicables na Galiza. No país veciño, igual que aquí, esixen do goberno medidas para garantir a continuidade da profesión labrega: non gravar con novos impostos ás explotacións, redución da cotización á Seguridade Social sen perda de dereitos, non aos recortes nos orzamentos agrarios, mellora dos servizos de sanidade gandeira, máis axudas públicas para combater as pragas forestais, mellores prezos en orixe, fin á ditadura dos hipermercados e loita contra a especulación que fai que se disparen os custes do gasóleo, da electricidade, dos pensos, dos abonos, dos fitosanitarios ou dos créditos bancarios.

A UE prohibe durante dous anos os neonicotinoides que matan as abellas

É unha prohibición parcial e aínda seguen autorizados catro insecticidas letais para as colmeas

"Despois de 18 anos de dura loita, a Unión Europea ven de realizar unha votación trascendental para as nosas abellas, para a biodiversidade e para a cadea alimentaria". Así se expresaba a a Asociación Galega de Apicultura (AGA) tras coñecer a nova de que, a partir do 31 de decembro de 2013 e durante dous anos, os insecticidas neonicotinoides causantes da morte das abellas estarán prohibidos.



A proliferación de pesticidas no campo está a exterminar as nosas colmeas e cada vez suscita un maior rexeitamento social

Dende AGA recordaron que que estes agrotóxicos son os causantes da extinción de boa parte da cabana apícola galega, cunhas perdas de enxames entre o 30% e un 40% anual. Por iso, afirmaron sentirse "moi satisfeitos, xa que a nosa persistente loita non foi baldía".

Así e todo, aseguraron que seguirán "loitando para que se prohiban totalmente os neonicotinoides, tanto en sementes como en horticultura e fruticultura. A saúde das nosas abellas, do medio ambiente e dos alimentos que tomamos non poden estar nas mans dunhas multinacionais que puxeron a vida da biosfera ao límite nos últimos anos".

Previamente á prohibición, dende Greenpeace e a Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) facíase unha campaña para forzar ao Ministerio de Agricultura a manter a súa postura de oposición a estes insecticidas. Ao final, 15 países votarona favor da prohibición, incluído o Estado Español.

A pesares de ser unha boa nova, a prohibición dos neonicotinoides será só parcial, pois poderán seguir utilizándose en invernadoiros, no cultivo de cereais de inverno e en fumigacións posteriores á floración.

Ademais, segundo a organización ecoloxista Greenpeace, dos 7 insecticidas causantes da morte das abellas, só 3 son neonicotinoides: o Tiametoxam, de Syngenta; e o Imidacloprid e Clotianidina, ambos producidos por Bayer. Isto indica que, a pesares de obtermos unha importante vitoria, a loita do sector apícola para protexer as abellas continuará.

A loita pola terra irmanda Galiza e Guatemala

A secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba, participou nun coloquio baixo o título *"Unha mesma situación, unha mesma resistencia. Guatemala e Galiza"*, no que falou da ameaza do proxecto mineiro en Corcoesto. Foi o 30 de abril e, xunto á nosa compañeira, tamén falaron Paula del Cid e Natalia Atz Sunuc, que visitaron o noso país para relatar de primeira man o conflito que a veciñanza de Barillas (Guatemala) mantén coa transnacional Hidralia Enerxía, con sede na Coruña.

As tres destacaron a importancia da sociedade civil para opoñerse a proxectos de "transnacionais de capital estranxeiro, coa conivencia e apoio dos distintos gobernos, que ameazan zonas de grande valor ecolóxico e produtivo e ofertan a cambio desta destrución a posibilidade duns poucos postos de traballo".



Mulleres de Guatemala e Galiza salientaron a importancia da sociedade civil á hora de oporse a proxectos enerxéticos ou mineiros agresivos

nº 297
Xullo de 2013
FOUCE

O Ministerio mantén sen pagar axudas a explotacións gandeiras dende 2009

Trátase dunha subvención dos xuros de préstamos pedidos polas granxas en colaboración co Igape

As axudas das que estamos a falar convocáronse no ano 2008 e debían cobrarse, a partir de 2009, durante catro anos. Convocadas polos Ministerio de Agricultura en colaboración co Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), consistían en cubrir os xuros de préstamos pedidos por explotacións gandeiras situadas en Galiza dedicadas á produción de porcino, cunícola, bovino de carne, ovino e caprino. Magrama e Igape cubrían, cada un, unha parte dos xuros. O Igape foi pagando. Do Ministerio, aínda estamos a agardar o primeiro céntimo.



Sexa pola falla de fondos, sexa pola máis absoluta desidia, unha institución pública como o Ministerio de Agricultura leva catro anos sen pagar unhas axudas convocadas, orzamentadas e aprobadas por el mesmo

No ano 2008, o Ministerio de Agricultura, en colaboración co Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), artellou unha liña de axudas para apoiar o financiamento das explotacións gandeiras galegas. Estas axudas consistían, basicamente, nunha liña de créditos a cinco anos, dun mínimo de 3.000 euros e un máximo de 60.000, cun xuro fixo do 5'30%; dese xuro, o Ministerio de Agricultura comprometíase a subvencionar un máximo do 2% e o Igape outro tanto, de tal xeito que as explotacións beneficiarias acabarían pagando un 1'30% de xuros. Como o empréstito tiña un ano de carencia, as axudas ingresaríanse en catro prazos anuais (dende o 1 de xullo de 2009 ao 1 de xullo de 2013), de maneira que os últimos ingresos por este concepto deberían rematar de aboarse no presente mes.

Atrancos dos bancos

Até aquí a teoría que, sobre o papel, queda ben. Mais na práctica, estas axudas foron algo moi distinto ao prometido no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia.

Para empezar, moi poucas explotacións gandeiras tiveron acceso a esta liña de créditos porque as entidades bancarias colaboradoras puxeron unha morea de atrancos á hora de concedelos. A día de hoxe, as poucas explotacións beneficiarias, ingresaron a parte que lle correspondía ao Igape, aínda que con atrasos e con algún abono pendente; mentres que o Ministerio de Agricultura non deu nin un céntimo das axudas ofertadas e aprobadas.

Así, no mellor dos casos, as explotacións que lograron o crédito acabaron pagando un 3'3% de xuros por mor da morosidade do Ministerio de Agricultura.

Para o Sindicato Labrego Galego, estamos diante doutra mostra do desinterese do Ministerio de Agricultura á hora de apoiar ás explotacións gandeiras galegas. Resulta vergoñento que a mesma institución que deseña, orzamenta, convoca e pon en marcha unha liña de axudas non atenda os seus compromisos e deixe tirados, unha vez máis, aos sectores gandeiros do noso país que, como ben sabemos e sabe o propio Magrama, teñen a súa máxima debilidade na perda crecente de ingresos por mor do aumento dos custes de produción da súa profesión. Por iso, o impago das axudas concedidas supón un suma e segue na caída da rendibilidade da actividade gandeira na Galiza do que o Ministerio de Agricultura é, nesta ocasión, responsable directo. Tamén, xa que logo, o Ministerio de Agricultura que dirixe Miguel Arias Cañete é o único que pode resolver o entorto creado por el mesmo dun único xeito: pagando o que debe o antes posible.

A sociedade volve amosar o seu firme rexeitamento aos transxénicos

Coincidindo co día Mundial da Loita Labrega (17 de abril), organizacións agrarias, ecoloxistas e de consumo realizaron un acto de protesta para denunciar os efectos sociais, ambientais, económicos e para a saúde da presenza de cultivos transxénicos no Estado Español. As organizacións participantes foron: Amigos da Terra, Confederación de Consumidores/Consumidoras e Usuarios/Usuarias, COAG, Ecoloxistas en Acción, Plataforma Rural e Greenpeace.

Esta actividade encadrouse dentro da Semana de Loita contra os Transxénicos que, co lema "Por unha alimentación e unha agricultura libres de OXMs", volveu amosar o rexeitamento da sociedade para poñer fin aos transxénicos nos nosos campos e nos nosos pratos.

O acto, realizado nas portas do Ministerio de Agricultura, consistiu na lectura do manifesto "Por unha alimentación e unha agricultura libre de OXMs". Así mesmo, fíxoselle entrega ao ministro Arias Cañete dun álbum con fotos de centos de persoas que quixeron expresar o seu rexeitamento aos alimentos transxénicos.

Este ano volveu denunciarse que no Estado Español se concentra case o 90% da produción de transxénicos de toda Europa; mentres países comunitarios como Francia, Alemaña, Italia, Polonia, Grecia, Bulgaria, Luxemburgo, Suíza, Irlanda, Hungría ou Austria prohibiron estes cultivos nos seus territorios debido ás serias dúbidas sobre os seus efectos na saúde e os impactos demostrados sobre o medio.



As protestas contra os OXMs chegaron até as portas do Ministerio



NOVOS TEMPOS, NOVA AGROMUTUA

Queremos estar ao teu carón cando máis nos necesites.

Confía en **AGROMUTUA** para asegurar as cousas que realmente importan na vida.

902 50 44 43

agromutua@agromutua.es
www.agromutua.es

AGROMUTUA
O Noso Seguro en Todos os Campos

nº 297
Xullo de 2013
FOUCE

As adegas do Ribeiro e Rías Baixas buscan fórmulas para pagar a uva

Medio Rural propón o *confirming* como vía de financiamento para que o sector viticultor cobre a vendima

Despois de que o SLG iniciase unha campaña de denuncia contra aquelas adegas que tiñan sen pagar a uva da vendima pasada en Rías Baixas, este problema pasou a formar parte da axenda de traballo das mesas do viño celebradas até agora, tanto nesta denominación de orixe coma no Ribeiro, onde hai industrias que acumulan até tres vendimas sen pagar. Previamente, o SLG tivo que solicitar formalmente a convocatoria urxente da mesa en Rías Baixas, que avanzado o verán seguía sen convocarse a pesares da gravidade dos problemas a ser tratados.

Ao peche deste Fouce, celebráranse tres xuntanzas da mesa do viño no Ribeiro e unha en Rías Baixas, as últimas o 17 e o 18 de xullo, respectivamente. En ambas, a Consellaría de Medio Rural presentou como solución para financiar o pagamento da uva por parte das adegas unha fórmula chamada *confirming*.

Esta modalidade de financiamento consiste en que o viticultor ou viticultora ten que ir á entidade bancaria coa factura da vendima para cobrar, de maneira que despois é a adega a que ten a débeda co banco e non coas persoas que lle venderon a uva. A proposta de Medio Rural é que eles avalan o 20%, mentres que a empresa avala o 80% restante.

Segundo explicaron os representantes do SLG nas mesas do viño do Ribeiro e Rías Baixas, Xosé Manuel Parente e Salvador Fernández, "vai ser difícil que este xeito de pago teña éxito, xa que os bancos farán un estudio de viabilidade económica de cada adega, polo que o máis probable é que non subscriban financiamento con aquelas empresas que teñen vendimas pendentes de pago ou balance negativo, que son moitas".

Mentres que as adegas do Ribeiro amosaron o seu acordo con esta fórmula, as de Rías Baixas dixeron que existían no mercado produtos financeiros mellores ca este. En calquera caso, segundo Salvador Fernández, "o sector adegueiro tivo escasa presenza na primeira xuntanza da mesa do viño ena denominación de orixe Rías Baixas, xa que só participaron catro cooperativas. Haberá que agardar a seguinte convocatoria para ver se aumenta participación e hai acordos máis amplos".



Xosé Manuel Parente asistiu en nome do SLG ás primeiras xuntanzas da mesa do viño no Ribeiro

Cara e cruz: sen prezos mínimos e aposta polas castes preferentes

En canto á cuestión do valor da uva para a vindeira vendima, a Consellaría de Medio Rural lembrou que a Comisión Nacional da Competencia está moi enriba deste tema e non permitirá que se pacten prezos no sector. Neste senso, poderían acordarse valores de referencia de palabra, pero sen valor contractual. Os prezos legalmente válidos serán os que acorde cada adega cos viticultores e viticultoras que lles fornecen de uva e estipulen de xeito bilateral no contrato.

Como aspecto positivo, semella que a Consellaría de Medio Rural está a apostar cada vez máis forte por promover só as castes preferentes en cada denominación de orixe e por manter un control estrito sobre os topes de produción, ambas demandas defendidas dende hai moitos anos polo SLG.

Ao imprimir este Fouce, as vindeiras xuntanzas da mesa do viño quedaban fixadas para o 22 de xullo no Ribeiro e para o 30 de xullo en Rías Baixas.

María Ferreiro Santos, responsable da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego

“O marco legal permite ás labregas ser titulares, pero non hai solicitudes”

O 28 de outubro, no marco do Encontro Anual de Labregas celebrado en Teo, a nosa compañeira María Ferreiro era elixida responsable da Secretaría das Mulleres do SLG, en substitución da actual secretaria xeral, Isabel Vilalba. Titular dunha explotación de leite en Outeiro (Curtis) e coordinadora do SLG nesa bisbarra, María ten que muxir tempo onde non o hai para afrontar as novas problemáticas derivadas do impacto da crise na vida cotiá das labregas.

■ Levas pouco máis de medio ano como responsable da Secretaría das Mulleres, pero foron uns meses de intenso traballo. Como valorarías o comezo desta nova etapa?

A miña valoración é positiva, sobre todo polas moitas cousas que estou aprendendo. Grazas a esta nova responsabilidade, estou participando en xornadas, foros e cursos nos que, doutra maneira, non tería participado. Tamén é moi enriquecedora a participación que a Secretaría das Mulleres está tendo en plataformas sociais con outros colectivos, un traballo necesario nestes tempos de dificultades e recortes que nos fai ter unha axenda moi apertada.



■ No manifesto de Teo, denunciabades que a crise está a agudizar a situación de desigualdade das labregas. Tamén afondastes nesta cuestión no encontro internacional de mulleres de marzo. Fálame das consecuencias que está a ter a crise no día a día das labregas.

A consecuencia principal é que moitas labregas están deixando de cotizar á Seguridade Social Agraria. As razóns son dúas: por unha parte, hai explotacións que, sendo traballadas por unha parella e sendo cotizantes ámbalas dúas persoas, ao baixarlles os ingresos e ter que prescindir dalgún gasto, dáse de baixa da Seguridade Social a muller. Tamén acontece que a explotacións rexidas pola muller retornan o cónxuxe ou os fillos, que traballaban fóra e ficaron desempregados; o seu regreso non ten por que ser negativo, pero hai casos nos que retoman á actividade agraria, volven cotizar como labregos, e as mulleres tamén se dan de baixa da Seguridade Social.

Todo isto analizámolo e puxémolo de manifesto no encontro de Teo, e o día a día confírmanolo, pois cada vez temos constancia de máis casos como os citados en todas as comarcas. Trátase dunha cuestión preocupante, non só polo que implica hoxe, senón polo que implicará cando estas mulleres se xubilen e carezan dunha prestación mínima por non ter os suficientes anos cotizados.

A crise tamén se ve reflectida na desaparición de axudas e servizos á infancia e ás persoas maiores. Trátase de axudas que, dun xeito indirecto, beneficiaban ás mulleres labregas, xa que diminuían a súa carga de traballo no día a día.

■ O traballo desenvolvido pola Secretaría das Mulleres do SLG nas últimas décadas foi crucial para que hoxe teñamos hoxe unha Lei de Titularidade Compartida. Está funcionando? Estase a aplicar coa debida corrección e dilixencia?

A verdade é que non. Esta foi precisamente unha das cuestións que tratamos nunha recente xuntanza coa secretaria xeral de Igualdade da Xunta, Susana López Abella.

A Lei de Titularidade Compartida custou moitos esforzos e anos de traballo, pero agora non está a funcionar. Varios factores están detrás disto: pouca información, trabas burocráticas, falla de accións en positivo para promover a súa aplicación... A realidade é que temos un marco legal que permite a unha labrega ser titular da explotación na que traballa, pero as solicitudes de titularidade son practicamente inexistentes.

■ Notas isto no teu traballo diario?

Na nosa comarca, que é eminentemente gandeira e as actividades agropecuarias son a principal fonte de ingresos da poboación, o número de solicitudes de titularidade redúcese a dúas, o cal demostra que algo está fallando.

■ Cales son as principais frontes de traballo agora mesmo na Secretaría das Mulleres?

Agora mesmo, estamos centradas en dúas campañas. Unha delas é a que está a desenvolver a Plataforma pola Defensa ao Aborto Libre e Gratuíto, na que a Secretaría das Mulleres do SLG está integrada. Este tamén foi un tema que tratamos no encontro de Teo, onde analizamos os distintos marcos legais que houbo nos últimos anos até hoxe, en vésperas dunha posible contrarreforma á Lei do Aborto.

Tamén continuamos con dúas campañas: levamos máis dun ano traballando nunha campaña lanzada pola Vía Campesina contra a violencia de xénero; e tamén estamos a traballar o empoderamento e o papel das mulleres no seo das propias organizacións, analizando como imos avanzando na ocupación de espazos de decisión de cara a acadar igualdade de condicións con respecto aos nosos compañeiros de organización no reparto de responsabilidades.

GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE | ENTIDAD ESTATAL DE SEGUROS AGRARIOS (ENESA)

www.enesa.es

PLAN DE
SEGUROS AGRARIOS

2013

asegura o teu futuro

INICIO SUBSCRICIÓN	SEGUROS DE COBERTURA CRECENTE PARA EXPLOTACIÓNS: AGRÍCOLAS E FORESTAIS	SEGUROS PARA EXPLOTACIÓNS: GANDEIRAS E ACUÍCOLAS
1 de xaneiro	• Cereixa • Organizacións de produtores e cooperativas	
15 de xaneiro	• Hortícolas ao aire libre de ciclo primavera-verán en península e Baleares • Hortícolas ao aire libre con ciclos sucesivos na península e Baleares • Forestais	• Gando vacún reprodutor e de recría • Gando vacún de cebo • Gando vacún de lidia • Gando vacún de alta valoración xenética • Reprodutores bovinos de aptitude cárnica • Gando ovino e caprino
1 de febreiro	• Planta viva, flor cortada, viveiros e sementes en Canarias • Planta viva, flor cortada, viveiros e sementes na península e Baleares • Producións tropicais e subtropicais • Cultivos industriais téxtiles • Cultivos industriais non téxtiles • Uva de mesa	• Gando equino • Gando equino de razas senlleiras • Gando aviar de carne • Gando aviar de posta • Gando porcino • Piscifactorías de troitas • Acuicultura mariña
1 de marzo	• Multicultivo de hortalizas	• Mexillón • Tarifa Xeral Gandeira
1 de abril	• Cítricolas • Cobertura do Pixat • Hortícolas de Canarias	
1 de xuño	• Hortícolas baixo cuberta na península e Baleares • Plataneiros • Hortícolas ao aire libre de ciclo outono-inverno na península e Baleares	• Retirada e destrución de animais mortos na explotación
1 de xullo	• Tomate en Canarias	
1 de setembro	• Caqui e outras froiteiras • Froitos secos • Cultivos herbáceos extensivos	• Perda de pasteiros
1 de outubro	• Oliveiras • Uva de vinificación na península e Baleares • Uva de vinificación en Canarias	• Apicultura
15 de novembro	• Froiteiras • Cultivos forraxeiros • Cultivos agroenerxéticos	



Os actos e protestas de xuño organizados pola Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto culminaron coa manifestación de Compostela

As galegas contra a reforma da Lei do Aborto do PP

A Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto tivo un apertado calendario de mobilizacións que culminou cunha manifestación en Compostela, o 16 de xuño. A Secretaría das Mulleres do SLG colaborou, como membro desta plataforma, tanto nesta manifestación como noutras protestas e actos que se celebraron por toda Galiza a nivel local.

A modificación da Lei do Aborto do PP supón un atraso de 25 anos e implica volver aos tempos nos que só podían abortar as mulleres ricas e converte o que debería ser un dereito nun acto ilícito. Para a responsable da Secretaría das Mulleres do SLG, María Ferreiro (na imaxe é a cuarta, comezando pola dereita, que leva a faixa), a reforma da lei supón "a volta os tempos da clandestinidade coas súas peores consecuencias paras as mulleres. Para nós, abortar debe ser unha decisión libre da muller que, no entorno rural, e moitas veces máis difícil de tomar".

IV Asemblea de Mulleres da Vía Campesina

Antes da VI Conferencia Global da Vía Campesina en Iacarta, tivo lugar a IV Asemblea Internacional de Mulleres, entre o 6 e o 7 de xuño. A ela asistiron labregas de 76 países e 150 organizacións para debater sobre cuestións como o patriarcado, a crise capitalista global e o seu impacto na vida das mulleres, ou a necesidade dunha maior conciencia de xénero e respecto á capacidade de liderado das mulleres no seo da propia Vía Campesina.

■ Campaña internacional contra a violencia machista

A campaña Basta de Violencia contra as Mulleres, na que participa a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego, foi un dos eixes de traballo para a Vía Campesina en Iacarta.

A campaña naceu en 2008, na Conferencia de Maputo, e busca poñer fin á violencia contra as mulleres como condición indispensable para a reforma agraria e a soberanía alimentaria.



Labregas de 76 países e 150 organizacións agrarias puxeron en marcha os motores da Conferencia Global da Vía Campesina en Iacarta



Axentes sociais de todo o Estado formáronse durante dous meses en Madrid para formarse en combater a violencia machista no medio rural

Curso sobre violencia de xénero no medio rural

A responsable da Secretaría das Mulleres do SLG, María Ferreiro, e a técnica, Ana Eiras, asistiron a un curso de formación sobre violencia de xénero no medio rural que se celebrou en Madrid, entre abril e maio.

As participantes analizaron a violencia machista dende varios puntos de vista, dende o lexislativo ao antropolóxico. No curso quedou claro que a violencia non é natural nin está determinada pola xenética, senón que é intencional, dirixida e cultural, e se pode considerar unha enfermidade de "transmisión social".

No curso analizouse, en especial, a violencia que se dá no medio rural que, normalmente, vai acompañada de situacións de dependencia das mulleres afectadas. No rural é máis difícil denunciar que noutros ámbitos, pois todos e todas nos coñecemos. Ademais, os recortes están destruíndo recursos que existían para loitar contra esta lacra.

Época de perigo alto de incendios

A Xunta declarou como época de perigo alto de incendios forestais durante o ano 2013 as datas comprendidas entre o 1 de xullo e o 30 de setembro.

Novo horario de atención ao público na oficina do SLG en Monfero

O Sindicato Labrego Galego informa que, **a partir do 1 de setembro** de 2013, o horario de atención á afiliación de Monfero será os **MÉRCORES** nos seguintes locais:

■ **Ponte da Pedra** (Bar Capellán):
de 16:00 a 17:00 horas.

■ **Valxestoso** (Bar Xiao):
de 17:30 a 18:30 horas.

Indemnizacións e axudas polo sacrificio obrigatorio de gando

Indemnizacións e axudas de compensacións complementarias en explotacións de gando bovino, ovino e cabrún, e axudas para a compra de gando bovino, ovino e cabrún que teñan por obxecto a reposición das reses como consecuencia do sacrificio obrigatorio de gando en execución de programas e actuacións oficiais de vixilancia, loita, control e erradicación de enfermidades dos animais no ano 2013.As contías das axudas para o sacrificio e reposición están determinadas na orde segundo o tipo e características dos animais afectados.

O prazo de solicitude está aberto até o **30 de setembro** de 2013.

Axudas a novos produtos, procesos e tecnoloxías no ámbito agroalimentario, agrícola e forestal

Axudas para o financiamento de accións de cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías no ámbito agroalimentario, agrícola e forestal, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, para o ano 2013.

Poderán acceder a estas axudas:

a) Organizacións ou entidades relacionadas coa produción primaria en agricultura e/ou silvicultura.

b) Empresas ou industrias transformadoras do sector agrario, alimentario e forestal ou da área de enerxías renovables de orixe agrícola e forestal.

O prazo para solicitar estas axudas é de remata o **22 de agosto** de 2013.

Medidas de control por danos da fauna salvaxe

A Xunta publicou unha orde para regular a caza na tempada 2013-2014. Cando alguén sufra danos da fauna salvaxe, debe chamar ao Centro de Información ao Agro Galego (CIAG - 902 112 000) para poñer os danos en coñecemento da Consellería de Medio Rural; despois, son os TECORES quen solicitan a autorización para batidas e outras medidas, acompañándoas das sinaturas dos labregos e labregas que sufriran danos, para que poidan autorizalas. Máis información, nas oficinas do SLG.

Axudas á produción de plantas vivas e floricultura

Axudas para agrupacións de produtores/as de plantas vivas e produtos da floricultura recoñecidas pola Consellería do Medio Rural. Hai 3 liñas de axuda:

a) Fomento da produción de calidade.

b) Formación.

c) Investimentos en explotacións e mellora da comercialización.

O prazo para solicitar estas axudas será de un mes e rematará o **19 de agosto**.

Axudas para as sociedades de fomento forestal

Estas axudas poden ter dúas liñas:

1) Constitución de Sociedades de fomento forestal-Sofor (gastos notariais, clasificación de terreos...).

2) Inicio da actividade das Sofor que están constituídas e inscritas (gastos de concentración parcelaria, execución de infraestruturas comúns, redacción do instrumento de ordenación e xestión forestal...).

O prazo remata o **30 de setembro**.

TELÉFONO DE EMERXENCIA PARA CASOS DE VIOLENCIA CONTRA MULLERES

016

Non permitas que te maltraten.
Solicita axuda no teléfono 016.
Chamada gratuíta e secreta (non se rexistra no recibo)

Compra - Venda - Troco

Véndese
-Arado de discos de 3 regos.
Chamar ao 605 870 030

Véndense
-Cachorros de mastín. No concello de Friol (Lugo).
Chamar ao 630 561 310

Véndense
-Postes de formigón de 1,75 para cercas con arame.
-Sulfatadora ANFER de 400 litros.
Chamar ao 636 269 472

Véndese
-Cabalo galego de monte capado, de 6 anos de idade. Moi barato. Na zona do Courel.
Chamar ao 617 211 528

Véndense
-Subsolador de patacas de 2 regos, marca GRIMME.
-Arado de dúas pas marca ATH-14.2/98
-Repartidor de abono marca CIMA con muíño horizontal.
Chamar aos números de teléfono 696 712 367 e 606 747 512

Véndense
-Eguas de pura raza española. Na zona de Muras.
Preguntar por Carlos no número de teléfono 600 425 038

Véndese
-Circuíto de muxido de 2 puntos, marca MIELE.
Chamar ao 620 338 362

Véndese
-Tractor EBRO 160. Dobre embrague. Perfecto estado con ITV ao día. Prezo 2.500 €.
Preguntar por Xabier no número de teléfono 696 647 118

Véndense
-Arrincadora de patacas marca GRIMME, con moega (tolva) alta e dirección.
-Motores de regadío con potencias de 14 e 19 CV.
Chamar ao 988 462 783

Véndense
-5 xovencas frisonas próximas ó parto, fillas de touros probados.
Chamar aos números de teléfono 982 330 429 e 627 911 381

Véndese
-Autocargador picador PÖTTINGER Boss II, de maio de 2006. Moi bo estado. En Láncara (Lugo).
Preguntar por Miguel no número de teléfono 606 508 189

Véndense
-Autocargador e aboadora.
Chamar ao 981 793 343

Véndense
-Arrincadora de patacas marca GRIMME con moega ("tolva") alta. Económica.
-Rotovator marca AGRIC de 2'30 metros de corte.
-Wolkswagen Golf GTD Serie 3. Cor branca. 3 portas. En bo estado
Chamar ao 620 348 678

Véndese
-Viño branco do Rosal, con variedades Albariño, Loureira e Caíño Branco. Colleita 2012.
-Augardente branca e de herbas, e licor café.
Chamar ao 678 085 696

Véndense
-Máquinas de limpar.
-Muíño de tractor.
-Muíño de corrente.
-Arado gravante. No Corgo (Lugo).
Chamar ao 648 718 864

Véndese
-Malladora Campeba. Serve para limpar todos os cereais. En Beseño (Touro).
Chamar ao 981 191 327

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndense
-4 xovencas frisoas preñadas en Friol (Lugo).
Chamar ao 673 012 807

Véndense
-2 vacas rubias.
Chamar ao 689 752 400

Véndense
-Años que pacen.
Na zona de Betanzos (A Coruña)
Chamar ao 670 895 789

Véndese e transpórtase
-Palla, alfalfa e forraxe de avea.
Chamar ao 689 008 183

Véndese
-Tractor New Holland TNF 75
Chamar ao 629 829 945

Véndese
-Remolque para motocultor. En bo estado.
Chamar ao 625 214 152

Véndense ou alúganse
-Invernadoiros. Un de 800 m² e o outro de 2.200 m²
Chamar ao 690 299 770

Véndense
-Grellas de fundición 0.90 x 0.80. En perfecto estado. Zona Compostela.
Chamar ao 690 064 010

Véndense
-Xatas e vacas por peche de explotación.
Chamar ao 626 120 500

Véndense
-Tanque Packo d 2.200 litros, trifásico con lavado automático.
-Sala de muxido de 4 puntos Manus, con medidores volumétricos e pulsación electrónica.
-Silo de penso de 10.000 quilos.
Chamar ao 661 332 991

Véndense
-Rolos de silo.
Chamar aos números de teléfono 982 520 399 e 637 049 929

Véndense
-Rotoempacadora Morra.
-Rotativa Krohne de 1,9 m.
-Estendedor Khun de 5,20 m.
Preguntar por Xabier no teléfono 620 171 952 (zona de Lugo)

Véndense
-Tractor Ebro 470 con pa.
-Fresadora de 2 m.
-Estendedor Stoll 330.
-Autocargador.
Chamar ao 667 469 962

Véndense
-Rolos de silo e herba seca.
Chamar aos números de teléfono 610 472 095 e 982 505 798

Véndese
-Tractor Fiat modelo 880 simple.
Chamar ao 676 168 523

Véndese
-Rotoempacadora Claas Variant 46"
Chamar ao 633 328 519

Véndese
-Fresadora intercepas con 14 horas de uso. En Quiroga (Lugo). Prezo: 3.800 euros.
Preguntar por Álvaro no 625 134 456

Véndese
-Desensiladora marca BVL, dobre coitela. Recén reparada. -Tractor Barreiros antigo de 52 cabalos en moi bo uso. -Coche Citroen BX-19
Zona de Friol (Lugo)
Chamar aos números de teléfono 982 183 019 e 628 785 466

Véndese
-Cisterna de 5.000 litros, Marca CARUXO, en bo estado.
Chamar ao 686 577 685

Véndense
-Rolos de herba seca en Cesuras (A Coruña)
Chamar ao 981 790 331

Véndense
-2 vacas de carne próximas ó parto. Na zona de Betanzos.
Chamar ao 647 211 507

Véndese
-Tella usada (antiga). Zona de Boimorto.
Chamar ao 646 342 720

Véndese
-Touro pasteiro de 4 anos de idade moi manual. Respecta o pastor eléctrico. Na zona de Cesuras (A Coruña).
Chamar ao 616 013 367

Véndense
-Cisterna de 3.000 litros.
-Tractor Nutransa 70 C.V.
-Batedor hidráulico de zurro.
Chamar ao 667 469 962

Véndese
-Estrutura de invernadoiro en moi bo estado. No Barco de Valdeorras.
Preguntar por Andrés no teléfono 637 190 667

Véndese
-Abono de galiña de *viruta* por encarga. Zona de Betanzos.
Chamar aos números de teléfono 619 267 520 ou 981 798 164

Véndense
-Tractor Goldoni con remolque, arados, fresadora e cultivadora. Documentado.
-Segadora. (en Mondoñedo)
Chamar ao 666 602 380

Véndese
-Tractor New Holland M100, 125 CV, aire acondicionado, 6 tomas hidráulicas. Seminovo, bo prezo.
Chamar aos números de teléfono 655 980 919 e 629 991 086

Véndese
-Herba en rolos. En Friol (Lugo).
Preguntar por Xosé Manuel no teléfono 617 564 440.

Véndense
-30 separadores de cubículos.
-Sala de muxir con 4 puntos en espiña. Capacidade: 8 vacas xuntas.
Chamar ao 657 390 490

Véndense
-Vacas e xatas. Medias da explotación: Tipo: 80 puntos / Lactacións a 305 días: 1027.6 / ICO Novembro 2012: 1647. Na zona de Monfero
Chamar ao 650 322 719

Véndense
-Porcos cebados na casa.
-Augardente tostada e de herbas.
-Millo do pais.
Chamar aos números de teléfono 986 586 916 e 679 677 373

Véndese
-Xovenca parda preñada. (Mesía).
Preguntar por Ana no 625 054 110

Véndense
-2 xatos de Rubia Galega para recría. 7 meses. Alimentados sen penso. Analíticas con bos resultados.
Chamar aos números de teléfono 629 163 901 e 988 266 357

Véndense
-Rolos de silo e herba seca
Chamar ao 659 213 085

Véndense
-Circuíto de muxido Gascoigne de 5 puntos.
-Bañeira de frío en mononfásico. 1.100 litros. Marca Jape.
Chamar ao 636 269 472

Véndese
-Cuba de viño de aceiro, seminova. Capacidade: 1.500 litros.
Chamar aos números de teléfono 685 884 257 e 982 207 733

Véndense
-Picador Strauman de 37 m^3, en moi bo uso.
-Desensiladora de pinza Tenias, seminova.
Preguntar por Xosé nos teléfonos 982 160 116 e 690 774 565 (Lugo).

Véndense
-Rolos de herba seca.
Chamar ao 662 046 862

Véndense
-Macropacas de palla de trigo e centeo de 4, 5 e 6 cordeis. Prezo moi económico. Medidas 1,20x0,70x2,50 e 0,80x0,70x2,50.
-Rolos de palla triga e centea de 1,65x1,20.
-Rolos de palla (300 quilos de peso e 1'60 m. de diámetro).
-Macropacas de catro e seis cordeis.
Chamar ao 661 736 998 (A Limia)

Véndense
-Arado subsolador marca Vimpa.
-Caldeira de calefacción a gasóleo marca Ferroli.
Chamar ao 696 004 515.

Véndense
-Viño do país. Augardentes branca e de herbas, e licores.
Chamar ao 986 689 486

Véndese
-Rotativa USAMA. Dous pratos. En bo estado.
-Circuíto Alfa Laval con lavador automático. 3 puntos con motor de bomba para 6. Moi bo estado. Por peche de explotación.
Preguntar por Concha no número de teléfono 982 574 687

Véndense
-Vacas de leite e xovencas paridas ou próximas ao parto. Con carta xenealóxica e as garantías sanitarias da ADS de Mesía.
Chamar ao 659 927 961

Véndese
-Mesturadora de cereais e penso. Capacidade aproximada: 1.000 quilos. Motor trifásico.
Preguntar por Xosé Somoza no 982 218 636. Pola noite.

Véndese
-Tolva de silo de 6.000 quilos. En Albixoi, Mesía.
Chamar ao 685 636 023

Véndese
-Rotoempacadora John Deere modelo 572. En bo estado.
Chamar aos números de teléfono 699 039 979 e 655 903 703

Véndense
-Enganche hidráulico de tractor John Deere Serie 6000-7000. Sobe, baixa, alarga e encolle desde tractor.
-Peugeot 205 Mito 1.7 diesel. Dirección asistida, elevador eléctrico de ventás, aire acondicionado, faros de néboa e alarma.
-Cuba de 1.000 litros con 2 bocas, unha no fondo para sacar o bago.
-Máquina hidráulica de picar leña. marca Cancela de 16 toneladas, con radiador para enfriar o aceite.
-Máquina de lavar a presión marca Comet, 150 bares e 11 litros/minuto. Ten depósito de xabón e mangueira de 5 metros de largo.
En Paradela (Lugo).
Preguntar por Ovidio no teléfono 686 596 260

Vendese
-Viño branco e tinto, augardente branca e de herbas e licor café.
-Can Pequinés e gatos laudos.
-Carro de vacas de ferro en bo estado para uso ou como antigüidade.
-Cordeiros/as de raza Merina.
-Garrafas de segunda man de 20 a 60 litros.
-Leña picada (carballo e piñeiro).
En Verín (Ourense).
Preguntar por Xosé Antonio no teléfono 615 015 214

COMPRAS
E OUTROS

Mércase
-Finca para plantar viñedo na ribeira do Ulla (concellos de Vedra ou A Estrada). Superficie mínima de 1 hectárea.
Chamar ao 607 480 358

Arréndase
-Lugar no centro de Galicia. 36 hectáreas, naves, casa, maquinaria e 86.000 kg. de cota láctea. Preferiblemente, produción biolóxica.
Chamar ao 616 627 318, despois das 17:00 horas.

Cédese
-Cota do leite para cubrir nesta campaña (non se vende).
Chamar ao 982 176 085

Mércase
-Motocultor de 12 cabalos.
Chamar ao 981 196 432

Mércase
-Tractor SAME LASSER 100 ou 110
Preguntar por Xosé Luís no número de teléfono 638 067 100

Mércase
-Transplantadora de cebolas.
Chamar ao 699 538 741 (Ordes)

OFERTA E DEMANDA
EMPREGO

Necesítanse
-Cortes para alugar en Oza dos Ríos ou concellos limítrofes.
Chamar ao 689 532 023

Ofrécese
-Traballador para explotación agraria. Persoa seria e responsable. Dispoñibilidade total de horario e desprazamento. Para Cesuras e concellos da zona.
Chamar ao 676 960 087

Fanse
-Traballos agrícolas e forestais. Zona de Betanzos.
Chamar aos números de teléfono 619 267 520 ou 981 798 164

Búscase
-Persoa para planificar e manter unha horta. Son 2 ou 3 parcelas de 180 m2 coa posibilidade de integrarse en novos proxectos socio-laborais. Para asociación que traballa con persoas con minusvalías na comarca do Sar.
Chamar ao 650 270 824

Ofrécese
-Persoa para facer substitucións de muxido (por baixas, ausencias, etc.) en explotacións de Lugo.
Chamar ao 626 809 998

Ofrécese
-Señora para o coidado de persoas maiores na comarca do Condado.
Preguntar por Asunción no número de teléfono 986 665 528

Realízanse
-Rozas en plantacións forestais con tractor froiteiro adaptado. Desbroces Blanco.
Chamar ao 626 114 126 (Aranga)

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Dora Cabaleiro, labrega en Vilar de Ernes (Negueira de Muñiz)

Cambiou a ribeira do Atlántico pola dun encoro na montaña. Diso xa hai case oito anos. Foi en 2005, cando Dora Cabaleiro, que se criara en Chapela (Redondela) recalou en Vilar de Ernes, na beira utópica de Negueira de Muñiz, tras patear boa parte da xeografía galega e asturiana na procura do seu lugar no mundo. O clima, a xente, o monte veciñal... Moitos foron os motivos que lle axudaron a tomar a decisión, pero o que máis pesaba e pesa é un: querer vivir na terra e da terra. E acadouno.

"Podemos autoxestionarnos e vivir do noso traballo sen depender de fóra"

■ **Vir das Rías Baixas a terras da Fonsagrada e pór en marcha unha explotacíón dende cero non debe ser doado.**

Os comezos foron difíciles, pois o cambio de Chapela a Vilar de Ernes foi moi grande. A única experiencia que tiña de levar unha explotación era a de terlle axudado a miña nai coa horta e a crianza dalgunhas galiñas e coellos. Comecei coa gandería, pero non me convenceu. Esixía moito tempo e era incompatible co coidado dos nenos e das nenas. Teño catro, dous meus e dúas rapazas en acollida, e a gandería require traballar todos os días e non deixa tempo suficiente á familia. Ao final reestruturamos para conciliar a vida familiar coa laboral e decanteime polo que me gustaba: as froiteiras e a horta.

■ **Que tal o leva a rapazada?**

Nese aspecto non temos problema. Tanto os meus dous fillos como as nenas que temos en acollida naceron aquí. Ademais, a convivencia coa veciñanza é moi intensa. Nesta beira do encoro hai moita xente nova e cada vez vén máis, mesmo familias con nenos e nenas. Somos unhas corenta persoas en sete aldeas. Estamos moi unidos e organizámonos á hora de compartir o transporte ou o coidado dos nenos e nenas.

■ **Afectáronvos os recortes en servizos públicos?**

En sanidade case non o notamos porque non empregamos a cobertura que nos dá a Seguridade Social. Por sorte, estamos todos e todas sans e rara vez enfermamos. Aparte diso, procuramos servirnos dunha medicina alternativa.

■ **E a escola?**

Ao estarmos illados con respecto á outra beira de Negueira, levamos aos nenos e ás nenas á escola en Asturias. Iso fai que nin a Xunta nin o Principado se queiran facer cargo dos gastos, polo que temos que transportalos nós e pagarlles o comedor.

■ **A pesares de todo iso, a cousa non vai tan mal.**

Estamos ben. Vivimos de xeito sinxelo, moi en contacto coa natureza e con moita calidade de vida. Hai moita humanidade, moita proximidade entre as persoas, tanto cos nenos e as nenas como coa veciñanza. Detalles coma estes son os que máis me nutren. Podemos autoxestionarnos e vivir do noso traballo sen depender tanto de fóra.

■ **Fálame diso, de como se vive do traballo da terra en Vilar de Ernes.**

Formamos entre catro persoas a cooperativa Ribeira do Navia. Agora mesmo, facemos transformación de froitas e hortalizas, fundamentalmente zumes de mazá e de uva tinta; o escumoso bieiteiro, que é unha bebida feita a base de flores de sabugo; deshidratados de cogomelos, hortalizas e froitas; marmeladas, xaropes, lambonadas, doces e mel; salsa de tomate, pisto e ketchupt; vinagre de mazá e uva, encurtidos ou chucrut, que é col fermentada. Outra parte da cooperativa ocúpase de tarefas como facer rozas, plantacións, podas e todo tipo de traballos agrícolas e forestais. Finalmente, tamén nos dedicamos a rehabilitación e construción.

■ **Polo que vexo, tedes un intenso labor de transformación de alimentos. Como facedes para vendelos?**

Facemos venda directa ao consumidor e participamos no Mercado da Terra, que se celebra todos os martes na praza de abastos de Lugo organizado pola asociación O Bandullo Ecolóxico. Tamén facemos feiras.

■ **Por que traballades en ecolóxico?**

Optamos pola agricultura ecolóxica porque nos parece a única opción posible no planeta no que vivimos se pensamos dun xeito global. Ao fin e ao cabo, nós producimos alimentos e podemos dicir que somos o que comemos. Nunca se me ocorrería envelenar a unha persoa que merca os meus alimentos e que deposita a súa confianza en min. Pola contra, queremos que a xente que nos merca se alimente ben e que eses alimentos lles dean saúde e enerxía.

